

# SALDOIRA Nº 2

Curso 2002-2003



Revista do IES Martaguisela  
Equipo de Normalización Lingüística

## **PARTICIPARON:**

**Mónica Oulego  
Rocío Rodríguez  
Anabel Álvarez  
Soraya Vidal  
Jennifer Rodríguez  
Silvia Enriquez  
Sabela Fernández  
Montserrat Prada  
Sonia Bruña  
Sonia Gómez  
Loreto Fernández  
Laura Cordero  
Pablo Prada  
Álvaro González  
Scarlett Fernández  
Ana Miranda  
María López  
Ana Raquel Revuelta  
Inés Boyero  
Beatriz Rey  
Mónica Paradelo  
Lara Blanco  
Plácido Pablo Blanco  
Aida Estévez  
Julio Miranda  
Héctor del Valle  
Borja Álvarez  
Rosa Cortiñas  
Andrea Prada  
Breogán Sousa  
Miguel Garrido  
Rosario Álvarez  
Marta Cortés  
Domingo Rodríguez  
Rosalía Roel  
Paulino Prado  
Antonio Liébana  
Isabel Rodríguez  
Lúisa Rigueira  
Mariví Sánchez**

Ola amigas e amigos do IES Martaguisela. Aquí estamos unha vez máis e espero que non sexa a última.

Coa revista do ano pasado, gañamos o primeiro premio provincial do concurso de revistas escolares "Entre nós, en galego", premio que fomos recoller o día 18 de maio do ano pasado a Ourense.

A verdade é que non o esperabamos xa que competiamos con revistas escolares de toda a provincia de Ourense.

A este concurso presentámonos un día como principiantes, simplemente porque fixeramos unha revista e queriamos dala a coñecer.

O caso é que nos presentamos ó concurso e cando a profesora nos comunicou que o gañamos, todos pensamos que estaba de broma, xa que un premio así non o dan tódolos días. Todos estabamos moi ilusionados e non o criamos.

Por fin, chegou o día de viaxar ata Ourense e recoller tal galardón. Subiron seis rapazas collelo, entre elas eu. Cando dixeron en voz alta: "... E o primeiro premio provincial de revistas escolares vai este ano para o IES Martaguisela do Barco de Valdeorras", o corazón comezou a bater moi forte, todas estabamos moi nerviosas e tiñamos medo de tropezar ó subir as escaleiras. Finalmente subimos ben e no escenario, diante de centos de persoas, os membros do xurado felicítáronnos e déronnos o ansiado premio

Foi unha sensación moi bonita e un pracer para nós que se recoñecese deste xeito o traballo que nos custou sacar adiante o primeiro número desta revista. Por iso, desde aquí quero mostrar a miña gratitude cara ós alumnos e alumnas que colaboraron na revista e ás profesoras que nos axudaron a creala. Tamén á xente que a leu e, por suposto, ás persoas do xurado que decidiron que era *Saldoira* a revista que merecía o primeiro premio provincial. A todos

**!!!MOITAS GRACIAS!!!**

Mónica Oulego Gómez (1º Bach C)



Alumnos/as do Martaguisela recollendo os premios dos concursos "Entre nós, en galego" do curso 2002.

# S U M A R I O

Entrevista a Rosario Álvarez.....	3
Entrevista a Domingo Rodríguez.....	4
Entrevista a Marta Cortés.....	5
Antón Avilés de Taramancos.....	6
Crónica da V Semana das Profesións.....	8
A viaxe a Madrid.....	9
O bonsai do Atlántico.....	10
O mar que non cheiraba a mar.....	11
Vida na Costa da Morte.....	13
Non á guerra.....	14
Flores doutros mundos.....	15
O debate: a situación lingüística no IES Martaguisela .....	16
A muller é un ser humano .....	18
Sexismo na publicidade .....	18
De festa polo Barco .....	19
Creación literaria .....	20
Coplas dos maios.....	25
Entrevista con Christian Escuredo.....	29
Panxoliñas .....	30
Libros.....	31
Deporte e adolescentes.....	33
¿Quen pode dicir que non sabe o que é o fútbol?.....	35
A moda no século XXI.....	36
Cómics.....	37
¿Saberías dicir quen son?.....	40
Outros pasatempos.....	42
Solucións ós pasatempos.....	44

# ENTREVISTAS

Rocío Rodríguez Bogado e Anabel Álvarez Pérez

## FALANDO COS NÓSOS PROFESORES: ENTREVISTA A ROSARIO ÁLVAREZ

**Nome e apelidos:**

Rosario Álvarez Álvarez

**Profesión:**

Profesora de Educación Física

**Domicilio:**

O Barco de Valdeorras



**P. ¿ Recorda en que ano se fundou o instituto?**

R. Si, acórdome perfectamente, era o ano 1970. Foi moi especial debido a que o inaugurei eu.

**P. ¿Onde se atopaban as primeiras instalacións?**

R. Atopábanse onde está agora instalado o Xulio Gurriarán.

**P. ¿Cantos anos leva traballando no centro?**

R. Exactamente trinta e dous anos. É moito tempo traballando no centro. Fixen INEF en Madrid e máis tarde licencieime ata quedar aquí, aínda así fun evolucionando como mestra e como persoa.

**P. ¿Cantos directores dirixiron o centro?**

R. Acórdome deles perfectamente, xa que a medida que evolucionaba o centro, os directores tamén o facían; posto que ó principio eran elixidos pola administración, e máis tarde votabámoslos os profesores. Os directores foron os seguintes: Samuel, Caneda, Florina, Marisa, Rita, Juan, José Manuel, Montse e a actual Conchi.

**P. ¿Chamouse desde o principio IES Martaguisela?**

R. Non, houbo das máis dispares opinións para asignarlle o nome ó centro; pero finalmente optaron polo de Martaguisela, xa que Martaguisela era a propietaria dos terreos e fixo unha doazón ó centro, así que era o nome axeitado ¿non cres?

**P. ¿Que cambios se produciron ó longo dos anos no instituto, referentes a profesorado, alumnado, instalacións...?**

R. Moitísimos; xa que cando eu comecei a traballar aquí existía unha situación franquista, polo que tanto o profesorado como o alumnado estabamos condicionados polo sistema (incluso o

galego). A educación era moi diferente á de agora, lembro que nas miñas clases, había un mestre para os nenos e outro para as nenas, e isto é só un exemplo...

Ó non haber democracia todo era máis reprimido, ó alumnado impartíanselle castigos humillantes, e a falta de naturalidade notábase... Agora todo é máis "desmadrado" ou o que é igual: hai un gran pasotismo (pero por ambas partes: mestres e alumnos).

Outra anécdota que recordo significativa, é que cando Franco morreu, tivemos que explicarlles ó alumnado a diferenza entre dictadura e democracia, e o que ía acontecer. Tiñamos ata libros para que o comprendesen...

Con respecto ás instalacións, tamén cambiou, todo foi un cambio constante. O agora salón de actos tiña unha capela que se armaba e desarmaba (ata posuía un altar). Esta tamén se usou como ximnasio, aínda que a maioría das veces faciamos E. F. ó aire libre. Pero o salón de actos non era usado como hoxe en día, posto que hoxe ten un uso máis xeralizado, mentres que antes tiña moita importancia e usábase máis para os actos considerados solemnes (con algunha excepción, claro).

A culpa de que as instalacións fosen tan pobres recaía na administración, xa que non tiñamos pavillón e debiamos de telo. Eu loitei, e cando unha inspectora se deu conta de que este non existía, conseguino. Outra cousa que quero destacar é que antes valorábase máis a EF que agora, xa que incluso as horas da materia reducíronse de tres horas semanais a 2 horas, e non hai que olvidar que é unha materia máis, é necesaria.

Rocío Rodríguez Bogado e Anabel Álvarez Pérez

## FALANDO COS NÓSOS PROFESORES: ENTREVISTA A DOMINGO RODRÍGUEZ

**Nome e apelidos:**  
Domingo Rodríguez  
**Profesión:**  
Profesor de Matemáticas  
**Lugar de residencia:**  
O Barco de Valdeorras



**P. ¿Como comezou no instituto? ¿Como profesor ou alumno?**

R. Comecei no instituto no que nos atopamos no 1975, ano no que se inaugurou neste lugar. Comecei cursando 2º de BUP. As aulas onde se impartían as clases estaban no lugar no que agora encontramos secretaría. Sen embargo, o instituto existe desde 1970, aínda que estaba no lugar onde está actualmente o colexio Xulio Gurriarán, que naquel momento se atopaba no que hoxe coñecemos como Casa da Cultura. Agora como xa sabedes son profesor de matemáticas.

**P. ¿Que cambios se produciron ó longo do tempo: instalacións, aulas...?**

R. Os cambios que se produciron nas instalacións foron no 1975 o cambio de lugar onde se atopaban os cursos de BUP e COU. Sen embargo as modificacións máis importantes producíronse coa entrada da ESO. Debido a isto ampliouse o centro e fixéronse a cafetería e o comedor, tamén se remodelou a parte vella. O pavillón reconstruíuse e púxoselle calefacción. Por último, cerrouse todo o centro xa que o alumnado de ESO, a diferenza dos de bacharelato, non pode saír do mesmo.

**P. ¿Como era a educación cando vostede estudiou aquí?**

R. Como alumno comecei no instituto cando morreu Franco. A educación era máis

estricta, ademais os cambios que se produciron foron moitos xa que agora a ESO ó ser obrigatoria fai que haxa alumnado que non ten a mesma motivación que por exemplo pode haber entre os de bacharelato ou os do antigo BUP. Persoalmente éme máis difícil imparti-las clases na ESO (debido á actitude que amosan algúns alumnos).

**P. ¿Imaxinaba que volvería ó instituto para exercer como profesor?**

R. Non me imaxinaba que fora atoparme de novo no instituto. Fixen o bacharelato e cando aprobei a selectividade aínda non sabía o que quería facer. Sen embargo decidínme polas matemáticas e despois puiden acceder a este traballo no centro.

**P. ¿Cantos anos leva traballando como profesor no IES?**

R. Levo trece anos impartindo clases. Comecei no Martaguisela no curso 92-93, aínda que estiven os dous anos anteriores como profesor na Rúa.

**P. ¿Notou cambios na súa materia ó longo dos anos?**

R. A materia de matemáticas cambiou moito con respecto ós anos nos que eu estudiaba. A materia viuse reducida cada ano e isto supón un nivel inferior.

Rocío Rodríguez Bogado e Anabel Álvarez Pérez

## FALANDO COS NOSOS PROFESORES: ENTREVISTA A MARTA CORTÉS

<p><b>Nome e apelidos:</b> Marta Cortés</p> <p><b>Profesión:</b> Profesora de Música</p> <p><b>Lugar de residencia:</b> O Barco de Valdeorras</p>	
---	--

**P. ¿En que ano entrou no instituto? ¿Canto tempo estivo e que Bacharelato escolleu?**

R. Comecei no instituto no ano oitenta e nove, tiña catorce anos. Estiven catro anos, cursando tres anos do antigo BUP e un de COU, escollendo como plano de estudos o que se chamaba entón "letras puras", que excluía como é obvio, tódalas materias de Ciencias.

**P. ¿Que cambios se produciron dende que estudiou aquí ata o momento? Instalacións, profesorado, alumnado.**

R. En canto ás instalacións o cambio é evidente, naceu unha nova secretaría ubicada antes na actual zona de Seminarios, onde tamén estaba a sala do profesorado, tamén a biblioteca mudou de lugar. Non hai que esquecer a ampliación das instalacións onde agora están as aulas de Debuxo e Música.

Ó ser os institutos en certa maneira lugares de paso, foron moitos os profesores e profesoras que estiveron aquí, hai algúns cos que aínda manteño unha boa amizade. Salvo aqueles que teñen fixado aquí o seu domicilio, ou por intereses persoais ou familiares seguen traballando no Barco, do resto houbo moita xente que marchou.

Tamén houbo cambios no alumnado, polo que se refire á idade, e coa reforma da ESO, como sabedes, os nenos e as nenas comezan antes a estudar no instituto, de xeito que coinciden idades moi distintas, sendo apreciablemente grande a diferenza de anos entre o alumnado do primeiro e último curso.

En canto á actitude dos alumnos, alumnas, respecto do profesor ou profesora podería dicir algo dende a miña visión comparativa cos meus anos de estudante e dende a opinión xeralizada que escoito daqueles que por aquel entón eran profesores, aínda que non é necesario estar nesta profesión para decatarse do cambio de valores da mocidade actual. Non pretendo explicar algo que se fai complexo pola cantidade de factores que interveñen no proceso de formación e crecemento intelectual dunha persoa, si quero comentar que se ben hoxe estreitouse a relación entre alumno e profesor en beneficio do diálogo, da mellor comprensión desas vidas en formación, esa vía de comunicación tan estupenda para construír é a mesma pola que hoxe entran impunemente os que confunden a

liberdade coa libertinaxe, mentres o profesorado intenta entender, sufrindo en silencio, por qué falla cara el ese valor fundamental para andar pola vida que el ensina: respecto.

**P. ¿Que lle parece traballar agora no instituto? ¿Imaxinaba de nena chegar ata aquí de novo?**

R. Traballar no que traballo é un dos meus soños feitos realidade. Dende que estudiaba aquí, no instituto, sempre estiven segura de que quería traballar no ensino, e podo dicir que o meu é auténtica vocación. O que non tiña claro é que "retornase ás orixes", pero a vida fai ás veces estas "piruetas" que te sitúan de novo na mesma paisaxe, só que esta vez tócame estar diante do pupitre en lugar de sentada nel.

**P. ¿Que importancia cre que ten a súa materia no centro? ¿Cre que lle dan toda a importancia que merece?**

R. A miña materia non é nada máis nin nada menos que unha das que se inclúen no plano de estudos para unha formación completa do/a alumno/a, pero isto, neste e en tódolos centros de secundaria actuais. Se me preguntas qué aporta a Música a esa formación da que falabamos e para non estenderme direi que como expresión artística que é saca o mellor que hai en nós, humaniza, sensibiliza, e enriquece esa parte espiritual e sensible do ser humano que é un termómetro da saúde deste mundo que ultimamente está "tan enfermiño" de guerra.

A pregunta de se se lle dá a importancia que merece á materia de Música é significativa.

É certo que hai anos a Música era unha materia de "segunda", pois, a "música de verdade", esa dos "grandes compositores e de grandes instrumentistas" estudiábase nos conservatorios... afortunadamente a materia de Música, xa dende a Primaria está revalorizada, os contidos para cada nivel trátanse con toda a seriedade e amplitude necesarias para facer dos nenos e das nenas "pequenos músicos", que coñecen a historia da Música, coñecen a linguaxe e pónena en práctica, aprendendo a lela e interpretala. Xa era tempo de que a Música deixase de ser unha ensinanza de elite e se permitise o seu acceso como música de calidade a todos e todas, sendo como é unha linguaxe universal.



**¡MOM OS ESQUEZAS!**

Soraya Vidal

## ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Antón Avilés Vinagre, máis coñecido como Antón Avilés de Taramancos, polo lugar de procedencia, encádrase no tempo da posguerra, exactamente na Xeración das Festas Minervais. Deixounos versos nos que describe a paisaxe tropical americana e sobre todo sobresaen nas súas obras a pegada dun dos mitos da literatura universal como é Ulises.

Nace en 1935, no seo dunha familia de labregos e mariñeiros de Taramancos (Noia). Dende moi novo comezou a escribir poemas en galego que se ían publicando en numerosas revistas da época. Un dos seus primeiros grupos de poemas publícase co título *As moradias do vento* e máis tarde surxen dúas obras máis como *A fruta i o garamelo* (1959) e *Pequeno canto para un peito xoven* (1982) gañadora esta última do premio da Colección Brais Pinto.

A súa obra xira de certo modo en torno á súa emigración a Colombia onde residiu durante vinte anos, nos que admirou a paisaxe e a beleza sudamericana. En Colombia realizou todo tipo de oficios: campesiño, libreiro, cazador de tigres, domador de cabalos, contrabandista, afiador, churreiro... e aínda tivo tempo a fundar a súa propia familia e a desenvolver notablemente o xénero epistolar.

Antes de emigrar, estudiara a carreira de Náutica na Coruña, pero non se dedicou nunca a esta profesión, xa que a realizou máis por vontade paterna ca por propia vocación.

Ó regreso da súa estancia en Colombia, instálase en Noia onde monta unha "Tasca típica" e onde realiza unha salientable actividade cultural: presidiu a Asociación de escritores en lingua galega e foi Concelleiro de Cultura polo BNG.

En canto á súa obra, nesta nova etapa realiza unha fusión literaria entre a realidade e a

mitoloxía. Nela podemos observar que Taramancos agáchase tralo nome de Ulises, a súa muller Ana Sofía tralo nome de Circe e Ítaca é o nome mítico que se lle dá a Galicia. Esta fusión aparece en diferentes obras como *O tempo no espello*, *Cantos caucanos*, *Última fuxida a Harar* e en *Nova crónica de Indias* (1989).

A súa poesía pódese dividir en dúas etapas. Na primeira (1955-1961) atopamos os poemas anteriores á súa emigración nos que soe utilizar o verso hendecasilabo e que teñen un certo parecido ós de Álvaro Cunqueiro. A segunda etapa (1963-1992) abrangue os poemas escritos durante a súa



estancia en Colombia e na volta a Galicia, onde están presentes moitos referentes míticos. Algunhas das obras que se inclúen nesta etapa son *Poemas a Fina Barrios* (1959), *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961) e *Os poemas da ausencia* (1961-1981).

En 1989 publica *As torres no ar* que son 36 poemas divididos en tres partes: "Cantos a carón da terra" (natureza), "O cántico das naves" (poemas en versículos) e "A torre secreta" (poemas amorosos).

En 1992 publícase *Última fuxida a Harar* obra coa que gañou o premio da Crítica Galega (1993). Este libro é de certo modo o seu testamento poético no cal a identificación entre Avilés de Taramancos e Ulises é total.

Como ensaísta deixounos *Obra viva* (1992) e como dramaturgo *Tres capitáns de tempos idos* (1983).

O cancro puxo fin á súa vida no ano 1992 nun hospital da Coruña. O seu cadaleito, envolto coa bandeira de Galicia, foi sepultado en Boa nun enterro multitudinario.

## CHACHAHUÍ

Ter unha casa en Chachahuí  
sobre do cume  
do Cúndur-Cúndur que os incas  
bautizaron  
pólas grandes aves míticas. Ter  
unha casa en Chachahuí  
e ver no fondo do precipicio o  
Putumaio  
brincar como un regueiro  
pequeniño.

Ter unha casa en Chachahuí  
e escoitar á noitiña o zunido  
dos vagalumes,  
dos cocuios, o canto do turpial  
e o miar estremecedor do puma  
negro.

Ter unha casa en Chachahuí.  
Abaixo, no camiño de Ipiales,  
na estrada do Ecuador,  
brillan as flores ventureiras.

Pero as estrelas son máis  
grandes.  
Ter unha casa en Chachahuí.  
(De *Cantos caucanos*)



## PRIMEIRO AMOR, PRIMEIRA MORTE

Todo canto eu ameí perdéuseme contigo:  
a luz clara e vibrante da miña xuventude,  
os bosques entrañables perfeitos de quietude  
onde o vento vivía con un lecer antigo.

Entón era o silencio o meu mellor amigo,  
era eu namorado de todo canto vía  
vivir era unha leda, fermosa moradía  
onde o mencer entraba recendendo a pantrigo.

De súpeto viñeches con esa lonxanía,  
caraveliño feble en terra ventureira  
e eu abrín outra nova fiestra para o día.

E todo canto ameí foi unha lumieira,  
foi a fouce tan íntima que de cote se afía  
para ceifar dun pulo brutal a primaveira.

(De *O tempo no espello*)

Jennifer Rodríguez Afreijo

## CRÓNICA DA V SEMANA DAS PROFESIÓNS



O pasado 20 de xaneiro tivo lugar a "V Semana das profesións" organizada no noso centro polo Departamento de Orientación, coa presenza de tódalas universidades galegas e maila de León.

Escoller universidade non é tarefa fácil, e por iso o fin desta xornada era o de informar ós alumnos de 2º de Bacharelato no seu derradeiro ano de instituto facéndolles máis sinxela a súa elección nun momento tan importante das súas vidas.

Desta forma comezouse coa presentación do programa intensivo de man da Vicedirectora, o Xefe de Estudos, o Orientador e unha representante do Departamento de Orientación, que fixeron unha breve introducción sobre como se levarían a cabo as distintas conferencias ó longo do día, destacando a importancia das mesmas.

Tras unha pausa, algúns dos membros da Universidade de León expuxeron a súa oferta educativa centrándose no campus de Ponferrada. Estes destacaron a súa vantaxe en canto á distancia, sen esquecer o seu alto nivel docente. Nomearon, entre outras, as diplomaturas de fisioterapia e de enfermería, a escola de enxeñería agraria e sen dúbida, de especial interese foi a escola de cinematografía e artes visuais. Todos contan con moi boas infraestructuras, pero nesta última ademais colaboran como profesores cineastas de recoñecido prestixio.

A seguinte conferencia correspondeu á Universidade de Vigo, da man dun dos seus profesores Titular do Departamento da

Licenciatura en Física. Este ofreceu unha reflexión xeral sobre as distintas especialidades que se ofertan nos campus de Pontevedra, Vigo e Ourense. Fixo especial fincapé neste último, sobre as súas instalacións, proximidade e as titulacións das cales salientou a de física por se-la súa licenciatura e sobre a que ofreceu unha ampla información.

A derradeira en dar a coñecer a súa oferta educativa durante a mañá foi a Universidade de Santiago. Ademais de falar sobre as titulacións e o ámbito de calidade das mesmas, tamén tratou aspectos tan importantes coma os aloxamentos para os alumnos residentes na cidade e as bolsas para as matrículas e os estudos en xeral. Sen dúbida, destacou por ser unha das conferencias máis completas durante esa mañá.

Tras un descanso para xantar, rematou a xornada intensiva coa presenza dun representante da Universidade da Coruña. Ó igual que os anteriores presentou a súa oferta educativa tanto no campus da Coruña coma no de Ferrol. Tamén falou das probas de acceso, do impotante que é respecta-las datas de preinscrición e aportou moita e moi boa información sobre as bolsas para os estudantes.

Finalmente, a nosa Directora e mailo Orientador pecharon esta "Semana das profesións" da cal podemos dicir que serviu para esclarecer moitas dúbidas xa que todos podían face-las preguntas que querían e cada unha das universidades proporcionaron unha serie de folletos con información sobre as licenciaturas e diplomaturas que ofertaban e nos que se incluía todo o relativo ás materias, créditos, saídas profesionais... Aínda que por unha banda foron un pouco escasos no que se refire ás carreiras de humanidades, pódese dicir que as súas explicacións contiñan temas xerais para orientar no que podían a uns alumnos que cada vez teñen máis preto a proba de selectividade. Sen dúbida, foi unha oportunidade única para estes.

Silvia Enríquez Pérez

## A VIAXE A MADRID



O xoves trece de marzo os alumnos de Ciencias e de Letras de segundo de Bacharelato do IES Martaguisela saímos ás sete da mañá en autobús camiño de Madrid. Aínda que tivemos que nos levantar moi cedo e que a viaxe foi realmente longa (levounos algo máis de cinco horas), todos os compañeiros estabamos moi animados e con moitísimas ganas de chegar.

Eramos un grupo de alumnos bastante grande e ían connosco tres profesores do centro: M<sup>a</sup> Luísa, Manuel e Rosse. A nosa estadia en Madrid soamente se programara para dous días (o trece e o catorce de Marzo) e isto supuxo que non pararamos un só minuto; estivemos, deste xeito, dun lado para outro desde que chegamos ata que nos fomos.

Chegamos a Madrid arredor das doce e pico da mañá e nada máis chegar xa tiñamos programada a visita ó Museo do Prado; soamente tivemos unha hora para comer nas áreas próximas ó museo e ás dúas máis ou menos entramos ó museo. Unha vez alí, os alumnos que tiñan arte acompañados e guiados por Marisa (a profesora de arte do centro), vimos as diferentes e grandiosas obras que alí se atopan e Marisa foinos facendo unha completa análise das principais obras e autores debido a que no museo, ademais de que é enorme, atópanse moitísimas obras e polo tanto é totalmente imposible velo nun só día, ou mellor dito nunhas horas. Puidemos ver obras tan importantes como "As Meninas" de Velázquez.

Coincidindo, ademais, coa nosa visita ó museo, estaba a haber unha exposición coas obras de Vermeer que, aínda que non puidemos acceder a ela, explicáronnos que a maior parte dos cadros

deste autor amosan interiores domésticos e que teñen como característica fundamental o seu realismo e o tratar sempre temas como o amor e a vida cotiá de forma moi variada.

Cando saímos do museo, o autobús conduciunos ata o hotel. Ás seis e media en punto tiñamos que estar listos de novo para coller o autobús que nos levaría ó teatro.

O nome do hotel no que estabamos era Convención; era un hotel de catro estrelas e estaba verdadeiramente moi ben (dispoñiamos de moitísimas comodidades).

Logo deste breve tempo de descanso e relax para coñecer o hotel collemos o bus que nos levou ata o teatro La Latina onde puidemos disfrutar da obra *Las bicicletas son para el verano* de Fernando Fernán-Gómez que contaba no seu reparto con actores como Julián González ou Gloria Muñoz.

A opinión xeral do grupo tras ver a obra foi excelente, non soamente pola súa temática realista (reflexo dun período vivido en España), senón tamén polas súas pinceladas de cor, humor...

Ás dez e media da noite aproximadamente saímos do teatro e os profesores dixéronnos que tiñamos tempo libre desde ese momento, pero que ás tres da mañá tiñamos que estar todos no hotel. Deste xeito tras cear algo tivemos tempo de estar uns compañeiros con outros e pasámolo francamente ben.

Ó día seguinte (14 de marzo) espertáronnos ás oito e media debido a que debiamos almorzar algo e abandonar o hotel. Unha vez fixemos isto, collemos o autobús como sempre para facer a nosa última visita que foi ó museo Reina Sofía para os alumnos de letras e ó museo das Ciencias para os alumnos de ciencias. En ámbolos dous museos os alumnos contamos con guías que nos foron explicando cada unha das cousas que íamos vendo.

Despois disto deixáronnos unha hora máis ou menos para xantar tendo que estar todos ás catro e media listos para coller o autobús de volta ó Barco. A volta no autobús tamén foi moi agradable, con risos e cantos dos compañeiros que aínda que non durmimos moito tiñamos unha enerxía increíble.

Arredor das dez menos cuarto chegamos ó Barco, de novo fronte ó instituto, cada un regresou á súa casa.

Silvia Enríquez Pérez

Rocha

## O BONSAI DO ATLÁNTICO



Ecología é a combinación harmónica e equilibrada de vida no Planeta: Terra, aire e mar.

**TERRA:** Cabo Touriñán, illa de Ons, Fisterra do vello continente europeo. Galicia (que alguén chamou bonsai do Atlántico). Terra verde, máxica, primitiva.

**AIRE:** Gaivota e cormorán, que voa xa haxa vento ávrego ou sieiro, un labirinto de liberdade.

**MAR:** Augas limpas que forman ondas, e se moven influenciadas polo sol, espello do ceo que cambia de cor segundo estea o día anublado ou claro. Auga que se embravece coa treboada e agacha no seu manto desde unha mincha ata un golfiño.

Un día o deus Neptuno foi narcotizado polos ananos, e mentres durmiu sulcou as augas o petroleiro Prestige (que debiera chamarse Desprestixio dos seres humanos). Era tan vello que se abriu en anacos, era tan grande que asoballaba o océano. Estaba preñado de chapapote, e vomitou a viscosa carga negra. Moreas de pringoso líquido profanaron o paraíso.

Os fondos mariños, que foran de inimaxinables, diversas e brillantes cores tornáronse negras. As rochas babeaban petróleo e o aire levaba un cheiro que aniquilaba o osíxeno, obrigando a levar mascarillas ós humanos.

Os ananos da incompetencia, petulantes e cobizosos, permitiron esta desfeita. Unha fada altruísta e poderosa, tocou nos corazóns de boa vontade e dixo: Non hai fronteiras. Mobilizádevos, non deixedes que nos paralice a impotencia. Viñeron xentes doutros continentes, doutras comunidades, de distintos países. A pesares de ser un mundo Babel entenderon o esforzo, porque estaban instigadas polo fermoso sentimento da solidariedade.

Facendo unha pequena paréntese no traballo físico, e obedecendo a unha convocatoria perceptiva alá nos fomos a Santiago un día chuvioso de decembro homes e mulleres, nenos e nenas, non importaba nin a auga que caía nin o frío que facía, mesmo se podía

prescindir do paraugas. O caso era atopar un sitio polas rúas para que corpo con corpo, sen distinción de raza, relixión ou condición social aunaran o mesmo berro ou laio: NUNCA MÁIS queremos que suceda esta desfeita. A cidade arde nun fervor popular como nunca sucedera.

O vintedous de xaneiro coa consigna: "cadea da vida na Costa da Morte", confluímos nunha ringleira humana de corenta quilómetros de lonxitude. Abarcaba desde Muxía a Laxe, era como unha simbólica loanza ó mar ferido, como un corro multicolor, que semellaba o arco da vella bordeando a mariña e os outeiros verdes.

Non fixeron falla "elicópteros de" protección civil; ó parecer non era politicamente correcto. Estimáronse unhas cincuenta mil persoas. Sendo de agradecer a confianza que nos deron os pais e nais á darnos a tutela dos seus fillos un día treboeiro. Gracias tamén ó profesorado que non puido acompañarnos, aínda que mediante chamadas telefónicas, estivo con nós na nosa aventura combativa. Agradecemento a todas as persoas que acudiron a pesares de todas as ameazas subliminais, dos que "velan pola nosa integridade escolar". Mil autocares aparcados no sitio previsto, sen incidentes. Cincuenta mil escolares e profesorado deron o berro sincronizado de: nunca máis permitiremos que se dea nas costas a burla negra.

O día oito de febreiro, en tódolas vilas e cidades se fixeron concertos expansivos e simultáneos, e Galicia musicou a súa dor.

O domingo, dez de febreiro, o pobo da Coruña saíu á rúa coas maletas nun acto simbólico para dicirlle a aquel real e dramático cadro de Castelao ( "En Galicia non se di nada emígrase".) Non nos botarán da nosa querida terra, porque un pobo que protesta ten esperanza, e "hai esperanza se hai rebeldía". (M. Rivas).

María Varela Cruz

## O MAR QUE NON CHEIRABA A MAR

Unha vez en Galicia existía un lugar no que un podía disfrutar das sensacións producidas polo arrecendo do mar nada máis poñer un pé na rúa.

Era unha vila cálida, fermosa, na que o traballo non escaseaba e a xente era bastante feliz. Ata que un día, no que as mareas estaban moi vivas, espertaron e decatáronse de que o mar xa non cheiraba a mar, na praia non había

ningunha alga espallada pola area, cando sempre que o mar estaba nestas condicións as botaba para fóra. Pero no seu lugar o mar escupira unhas cantas toneladas de

chapapote. Unha gran traxedia acontecera. Un barco portador dunhas 70000 toneladas de fuel-oil tivera un accidente perto das nosas costas e o petróleo andaba a derramarse.

Nós, os galegos posuidores dun Goberno tanto estatal coma comunitario falto dun plan de reacción e de decisión rápida para un caso coma este, andou dubidando sobre o que tiña que facer e achacou ó mal tempo e ó noso clima, que é o que temos sempre, que os barcos de rescate non poidesen ir traballar. Entón, non sei como farán os mariñeiros que teñen que ir ó mar con este

noso clima porque a eles desde logo non lles é ningunha escusa.

Tampouco se preocuparon de protexer aquelas zonas débiles como son os espazos protexidos xa sexan de interese ecolóxico, paisaxístico, cultural..., e tamén carecían dun número suficiente de barreiras. Pero, o máis sorprendente de todo foi que o Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, non estivese en

Galicia durante a primeira fin de semana da traxedia, senón que estaba de caza, Álvarez

Cascos de montería tamén fóra da nosa Comunidade e o Ministro de Medio

Ambiente, Jaime Matas, en Doñana, descansando do "estrés" que lle produce a súa carteira.

Algo vergoñento foi a actitude escurantista do Goberno que intentou ocultar información ós medios de comunicación, que estes en moitos casos tiveron que valerse de datos e imaxes proporcionadas polo Instituto Oceanográfico francés e polo do portugués, outro tanto fixo coas declaracións nas que intentaban enganar ós cidadáns empregando termos ambiguos ou unidades de medida da súa conveniencia para aumentar ou diminuír a magnitude dos efectos provocados polo Prestige.



Isto non tería acontecido se se levara un control de toda a ampla lexislación establecida no apartado de tráfico marítimo, pois na meirande parte dos casos non se cumpre. O malo é que este incumprimento da lexislación volveu facer dano en Galicia, tanto no corazón dos nosos ecosistemas marítimos e outros próximos ás zonas da costa que se viron afectados, coma ó corazón

dos galegos. Por iso, xa fartos de ser sempre os afectados, decidimos mobilizarnos non só mediante manifestacións e

cadeas humanas (nas que segundo o Goberno a participación foi escasa), senón tamén coa creación de plataformas cidadás e comités de salvamento, que serven para levar o control sobre os voluntarios e as tarefas de limpeza. O que si está claro é que moita xente se volcou con Galicia, sendo moi frecuente a presenza nas nosas costas de voluntarios procedentes de moitos lugares de España e doutras zonas do mundo que queren poñer o seu gramiño de area axudando á causa.

Nós, os estudantes do IES

Martaguisela, xunto con compañeiros de toda Galicia, tanto da ESO como de Bacharelato realizamos unha cadea humana entre dous puntos da Costa da Morte, para demostrar así que Galicia somos todos e que non estamos de acordo coa forma de actuar do Goberno e da Consellería que din que non se fan cargo de nada do que pase o día 22. A nosa intención é



solidarizarnos coa traxedia e intentar conseguir dunha vez por todas que

isto non volva a suceder nunca máis.

Case dous meses despois da traxedia, o mar segue sen cheirar a mar, xa non a chapapote, pero é un mar sen olor, que sofre porque os seus habitantes están enfermos e xa non serán destinados ó consumo, porque a xente se queda sen traballo e anda pola vila sen nada que facer... É triste ir ó porto e ver os barcos sen mover, as gaivotas mortas de fame, desorientadas, xa que non perciben o cheiro do mar, un cheiro que alegraba as nosas vidas e que vai tardar en voltar.

Sabela Fernández Monteira

## VIDA NA COSTA DA MORTE



Desde que o chapapote do Prestige comezou a tinguir de negro as nosas costas, véñense sucedendo numerosos actos de solidariedade cos mariñeiros afectados e en protesta pola ineptitude da actuación do Goberno e polo seu empeño en falar de "hilitos como de plastilina" que resultaron ser a peor marea negra que houbo en Europa.

O ensino de Galicia tamén vive o tema con preocupación, de aí a grande participación dos centros educativos na cadea humana do día 22 de xaneiro.

Ás 6 : 45 da mañá saían do Barco catro autobuses (dous do noso centro e dous do Lauro Olmo) para levarnos ata Laxe, onde nos organizarían para indicarnos un sitio na cadea.

Na estrada comezamos a cruzarnos con autobuses, e máis autobuses... e é que ó chegar a Laxe estaba todo cheo de xente dos institutos. Tamén había un grupiño de voluntarios quitando bólas de fuel da area. O camiño ata a nosa zona levounos un anaco, entre que era subida

e afundiamos os pés na lama, pero ó chegarmos quedamos abraiados da cantidade de xente que había (e, ¡que noxo daba o chapapote das rochas!)

Unha hora máis tarde do previsto estaba a cadea formada e por uns instantes a xente comezou a berrar "¡NUNCA MÁIS!". Víanse pancartas que poñían: "FRAGA PASMAROTE, LIMPA O CHAPAPOTE" ou tamén aproveitando para facer outras reivindicacións "NON Á CONTAMINACIÓN, SI Á LEGALIZACIÓN" e moitos lemas máis.

Pese á propaganda negativa que se ten levado contra a plataforma Nunca Máis a cadea foi desde Laxe ata Muxía e fomos preto de 50000 as persoas que participamos.

Somos moitos os que esperamos que con actos así se preocupen máis polo noso mar para que axiña haxa unha solución eficaz e que feitos como este non volvan ocorrer.

# NON Á GUERRA

Rocha

---

Desde metade do século XIX o intervencionismo militar de E.E.U.U. esténdese principalmente en Centro América, Caribe, Europa, Oriente Medio e Asia-Pacífico. Un dobre obxectivo político-económico e de control dos recursos das áreas estratéxicas. Desde Dakota do Sur (E.E.U.U.), 1890, trescentos indios son masacrados na reserva de Womded Kuee. Ata Afganistán, 2001-2003, despregue de tropas masivo na rexión do Golfo e Asia Central. Ataque a Afganistán, Bombardeos aéreos intensivos. Ocupación do país. Varios milleiros de mortos.

Nesta incursión invasora sobre aproximadamente oitenta países o resultado foi millóns de mortos, neste macabro "dano colateral" ZOLTANGROSSMAN, 1999. Actualización: "Resistencias".

"Sobre la tierra no hay hombre feliz. Nadie trabaja bien en el planeta, si en Washinton respira su nariz"

"Que a pesar de sus viajes a la luna, ha matado en la tierra tanta gente, que huye el papel y la pluma se arranca al escribir el nombre del malvado, del genocida de la Casa Blanca". Pablo Neruda, 1969.

"A noite estende o seu triste gorgullo, sobre os "meninos" que tremen, o amor que en ningures atopan" Lluís Llac. (Traducción)

"Digo plutonio, esterco bursátil / Pentágono, palanca / Presidentes gadoupa / chuvia amargura baba..." Celso Emilio Ferreiro.

"He aprendido que un hombre sólo tiene derecho a mirar a otro, hacia abajo, cuando ha de ayudarle a levantarse" Gabriel García Márquez.

"Dá vergonza vivir, dá vergonza estar vivo e ver a PRIMAVERA". Uxío Novoneyra.

"El poder identifica valor y precio pero hay valores que están más allá de cualquier cotización. No hay quien los compre, porque no están en venta. Estos valores son la energía que mueve los músculos secretos de la sociedad civil."

..."Se buscan mercaderes de armas que necesitan la guerra, como fabricantes de abrigos necesitan el frío".

..."Se busca a la banda internacional que secuestra países y jamás devuelve a sus cautivos, aunque cobra rescates multimillonarios que en el lenguaje de hampa se llama servicio de deuda". E. Galeano.

Eu, formiguiña das multitudes, que saín á rúa para berrar que a guerra non me é indiferente. As palabras dos grandes escritores e poetas interaccionan en min e fágome eco deles e posiciónome en contra dos que se arman ata os dentes no nome da paz.

Sinto nas miñas carnes de nai do mozo que se vai matar a mozos doutros mundos.

Tremo como a nai dos mozos que, armados con paos queren parar os abusos porque son ricos en petróleo e pobres en pan e xustiza.

Escoito os laios dos nenos que non atopan refuxio nin debaixo da terra porque as bombas penetran nas súas entrañas.

Ruborízome pensando que do noso país partirá un barco cargado de menciñas ("Axuda humanitaria") a curar os feridos que cómplizmente fixemos e a enterrar ós mortos que nós decidimos matar.

Quero rebelarme rotundamente con estas letras para dicir que o ser humano non ten fronteiras. Que o soldado Ryan, se volve ó seu lugar, as medallas esvararanlle das mans porque as terá untadas con sangue e a palabra Patria só está na boca dos dictadores.

ROCHA

## FLORES DOUTROS MUNDOS

*"Niña morena y ágil, el sol que hace las frutas hizo tu cuerpo alegre;  
tus luminosos ojos, y tu boca que tiene la sonrisa del agua..."*

*"Emerges de las cosas mariposa de sueño..."*

*"Te pareces a la palabra melancolía..."*

*"Me gustas cuando callas porque estás como ausente..."*

*"Déjame que te hable con tu silencio..."*

*"Tu silencio de estrella tan lejano y sencillo..."*

*"...Distante y dolorosa..."*

*"Una palabra entonces, una sonrisa bastan..."*

*"...Eres la delirante juventud de la abeja..."*

*"...Mariposa morena dulce y definitiva..."*

*"Como el trigo y el sol, la amapola y el agua..."*

Pablo Neruda

¿Haberá alguén máis aldraxado ca un  
escravo? Si, as mulleres dos escravos.

Hispanoamérica é a escrava do Norte.

Os homes fican inmóbiles pola  
impotencia ou convértense en  
guerrilleiros para defenderse do agresor.

Ti, muller hispana, foxes empuxada  
pola necesidade a refuxiarte na Madre  
Patria.

En lugar de atopar unha nai acolledora,  
os gobernantes convertérona nunha  
madrasta, ataviada cunha impenetrable  
"Ley de Extranjería" que lle impide  
recoñecer as fillas que deixou na súa  
"Conquista". Non entende de dereitos  
de igualdade e colócanos no chanzo  
máis baixo.

Muller doce que calas ante toda  
adversidade.

Muller clandestina que deixaches a pel  
na viaxe cara o "paraíso".

Muller que coidas enfermos, acompañas  
ancianías e arrolas o berce dos nosos  
fillos e fillas, sen chegar á categoría de  
traballadora.

Muller valente, nai prematura, que  
deixas o corazón no teu país e traes os  
teus brazos a limpar os nosos chans.

España despiadada rexéitate e esquece a  
túa identidade.

A amnesia prevalece ante a emigración  
dos nosos devanceiros: Cuba,  
Colombia, Arxentina, Venezuela.

Vaia a miña man tendida cara vós, a  
miña aperta emocionada irmás queridas.


ENL

## O DEBATE: A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA NO IES MARTAGUISELA

### DATOS PARA O DEBATE:

- A lingua de identidade dos alumnos é maioritariamente o castelán (70 %). Son galegofalantes o 30 %.
- Á maioría do alumnado (80 %) non lle importa ou gustaríalle que lles impartisen máis materias en galego. Só o 20 % dos enquisados afirma molestarlle que aumentase o número de materias en galego.
- Os alumnos galegofalantes (30 %):
  - Repártense dun xeito equilibrado entre os dous sexos.
  - Pertencen á clase social obreira-traballadora.
  - A súa procedencia xeográfica está na maior parte dos casos nos concellos próximos ó Barco.
  - A tendencia lingüística destes alumnos é a usa-lo galego coa familia e o castelán no instituto.
- Os alumnos castelanfalantes (70 %):
  - Repártense dun xeito equilibrado entre os dous sexos.
  - Pertencen á clase media.
  - A súa procedencia está no Barco e lugares fóra de Galicia.
  - A tendencia lingüística destes alumnos é mante-lo castelán en tódolos contextos. Cos profesores do instituto que falan galego, estes alumnos tamén utilizan o idioma de Rosalía de Castro.

SALVEMOS A NOSA  
LÍNGUA



## UNS DATOS LÓXICOS

Pídeseme que valore os datos da enquisa realizada no instituto. Fareino. Pero vaia por diante que me parecen uns datos lóxicos e positivos, demasiado positivos, para a lingua galega. Antes de seguir, pido disculpas por utiliza-lo galego, lingua que me parece terceiromundista e de paletos. Chega con analiza-la procedencia dos alumnos que o utilizan. Non me estraña que ó pasar ó instituto estes alumnos se cambien ó castelán, ¡non faltaría máis!

O galego é un invento moderno que non obedece á realidade do país e que só vale para dar de comer a uns cantos profesores que se non fose por el, serían uns mortos de fame.

Por outro lado, aínda está por demostrar que sexa unha lingua e non un dialecto do castelán.

Se o 70 % do alumnado do instituto utiliza o castelán por algo será. Ó 30 % restante só lle queda aprender rapidamente e unirse a esta lingua de progreso e de cultura.

Por todo o dito, dicía ó principio que os datos da enquisa eran demasiado favorables para o galego.

## UNS DATOS PARA A REFLEXIÓN

Evidentemente, os datos da enquisa realizada no IES Martaguisela non son favorables para o galego, pero é o que hai.

Que nun instituto dunha vila galega o 70 % dos alumnos utilicen o castelán a diario é algo que nos debe facer reflexionar. Porque o que está claro é que ese 70 % non son todos alumnos que proceden de fóra de Galicia. Entón é cando xorden as preguntas: se os datos oficiais que aparecen nos libros de texto din que o 80 % dos galegos fala galego, ¿por que nun instituto do Barco (Galicia) dá unha porcentaxe precisamente ó revés?

¿Teñen os alumnos do Barco unha especial predisposición en contra do galego? ¿Que se está facendo (autoridades, profesores...) para corrixir esta tendencia, se é que se quere corrixir? ¿Ven a diario os nosos alumnos modelos lingüísticos a seguir de fidelidade á lingua? ¿Faremos algo para que ese trinta por cento de alumnos galegofalantes sigan mantendo a súa lingua? ¿De verdade respectámo-los seus dereitos lingüísticos a usa-la lingua propia de Galicia?

## A MULLER É UN SER HUMANO

A desigualdade entre o home e a muller tense imposto por medio dunha diferente asignación de roles. Xa desde pequenos pódese observar unha educación específica e diferencial para nenos e nenas que impón ás mulleres, dende moi cedo, a asunción dunha serie de valores, normas e pautas de conducta que farán delas seres secundarios, oprimidos e dependentes dos varóns. ¡Pero que xustifica a inferioridade humana da muller respecto do varón! ¿Que hai dos dereitos humanos? Hai que esixir que se nos trate como seres humanos, en igualdade de condicións que os seres humanos homes, pois en cada mirada, en cada actitude, en cada feitoponse de manifesto esta discriminación pois o poder patriarcal estase a manifestar permanentemente. Só con esta frase: as mulleres cobren o 67% de horas de traballo do mundo, pero só gañan o 10% e son propietarios do 1%, dan ganas de porse a gritar: ¿Onde está a igualdade? ¡EU NON A VEXO! As violacións, os acosos, a contratación preferible dun home, as lapidacións, burcas...

¿Onde está a igualdade?

¿Que falta na educación?

¿Que lle diría ás novas xeracións?

Os mozos poden asegurarlles que por unha muller liberada haberá un home liberado. Que analicen isto e chegarán á mesma conclusión ca min, o día en que homes e mulleres deixen de ser mutilados, o día en que o sexo non condicione o desenvolvemento total das persoas, o día en que a denominación do varón deixe de ser presente, o día en que a comunicación entre os dous sexos naza do respecto entre seres libres, daquela ¡CALAREI!

*Montserrat Prada Feliz*


## SEXISMO NA PUBLICIDADE

Estamos cheos de ver na televisión, de ler nos xornais e de escoitar pola radio anuncios de deterxentes protagonizados case sempre por mulleres e nenas;



¿É que só lavamos as mulleres?

Os anuncios de coches, que máis parecera que anuncian á modelo antes có coche, ou coma se a modelo formase parte do coche;



¿Cal é o produto que se vende?

Ou anuncios de colonias cun claro sentido sexista.

Entón chega un momento no que todos nos preguntamos: ¿Por que o primo de Zumosol, non é prima? ¿Por que en vez de Claudia Schifer, non é Leonardo di Caprio o que anuncia o coche? Ou simplemente ¿Por que non se anuncia un coche só? E sobre todo ¿como se pode arranxar isto?

Persoalmente, creo que nunca se vai poder radica-los anuncios sexistas, pero podemos comezar por denunciar: Instituto da Muller en España creou un departamento chamado Observatorio de Publicidade, que se encarga de atopar-los contidos sexistas dentro dos anuncios.

No ano que leva funcionando, xa recibiu máis de cincocentas denuncias, e gracias a iso, 19 anuncios foron retirados ou modificados. Pero aínda queda moito por facer, e se en realidade queremos, cada un de nós pode aportar algo, aínda que só sexa un pequeno grao no medio de tanto deserto.

*Sonia Bruña Fernández*

Sonia Gómez Mariñas e Loreto Fernández López

## DE FESTA POLO BARCO

¿Venres e Sábado noite na casa?, a resposta tena a xuventude do Barco de Valdeorras. Para os que decidan unirse á movida, presentámoslles brevemente o itinerario que segue a maioría da mocidade do Barco.

### ➤ venres e sábado noite (12:00)

Entre peiteado e peiteado, entre maquillaxe e maquillaxe, elixindo a roupa e mirando o reloxo, os rapaces e rapazas desconectan do estrés acumulado polos estudos ou traballo de toda a semana. Cando chegan as 12:00 dásele un bico á nai e déixase coa palabra na boca, antes de que impoña o “toque de queda”.

Como sempre hai algúns impuntuais, agárdase por eles no bar ó que cada grupo acostume a ir. Coa música das discotecas xa soando de fondo, delibérase o local ó que acudiremos en primeiro lugar. Dependendo se é unha fin de semana normal, festiva ou ponte atoparemos máis ou menos dificultade para acceder a el.

A continuación veredes unha lista na que se reflexan os lugares máis frecuentados no Barco de Valdeorras:

**RIVER:** Está situado no paseo do Malecón, normalmente a xente frecúntao ás primeiras horas da noite, quedando así nas horas seguintes escaso de xente. Non é moi grande, pero conta cunha música variada, que se divide en pop-latino ó principio e máis tarde bacalao.

**KAOS:** Está situado na rúa Abdón Blanco, acostuma ter xente toda a noite, e é o lugar preferido polos universitarios e “pijitos”, a música que se baila é pop variado.

**BIK-BOK:** Tamén se encontra na rúa Abdón Blanco, este local ten a peculiaridade de que dependendo da hora está ocupado por xente máis vella ou máis nova. Salsa, ás veces, pop, máis a miúdo, é o que se acostuma a bailar aquí.

**SAMBO:** Situado entre o Bik-Bok e o Kaos atopamos este descomunal pub que consta de dúas partes: unha primeira parte é cafetería e cara o fondo unha ampla pista de baile que se converte en pub. O contraste entre as luces e o ambiente entre estes dous lugares é sorprendente. Respecto á música pop ó principio e a continuación bacalao, ademais consta de dúas amplas tarimas.

**DISTRITO:** Atópase na rúa Conde Fenosa do Barco. O ambiente consolídase a partir das 4:00. É o lugar onde as consumicións son máis

caras, pero a pesar disto é un local moi concorrido. A música é bailable, é dicir pop.

Chegados a este punto da noite, rematáronse os pubs a onde ir, así que finalizamos a noite nas dúas discotecas existentes.

**SEVEN:** É un dos espazos máis grandes que podemos atopar, consta dunha pista central de baile, outra máis elevada e ás esquinas completan este puzzle dúas tarimas aínda máis elevadas. É o único lugar (ademais do Bik-Bok) que conta con dúas barras, isto facilita que os clientes non teñan que desprazarse dun extremo ó outro, entre a multitude en busca dunha copa.

Ademais disto posúe múltiples sofás, que normalmente son ocupados polas parellas. A mestura de luces dá unha gran impresión e conta tamén coa axuda dunha pantalla xigante colocada ó fondo. Música: dance, bacalao, techno, house... (non estamos especializadas neste tipo de música).

**ZERO:** Xeralmente este é o último lugar onde imos. Ten as súas portas abertas dende as 3:00 ata as 8:30 – 9:00. Antigamente coñecido como “Planet”. O seu decorado é moderno e chama a atención. É o local máis novo no Barco. Para completar o percorrido, pódese acudir a outros dous pubs: o GALILEO e o COOL (antes das discotecas).

### ➤ DOMINGO (7:00 – 11:00)

Este día é máis relaxado, xa que nós, os estudantes, temos que acudir ó outro día ás 8:30 ás clases e o resto do mundo tamén traballa.

Adoitan aproveitar para saír os rapaces e rapazas que aínda non teñen a sorte de poder saír pola noite. O percorrido é máis ou menos o citado anteriormente, aínda que se descartan algúns lugares por dous motivos:

- Falta de tempo, xa que as horas que se sae o domingo son moi inferiores.
- Cerre dalgúns locais, que este día non abren.

Dende o noso punto de vista, O Barco de Valdeorras conta con moito ambiente e moitos locais para a actual movida que ten.

Cando saes pola noite podes gozar nestes pubs e discotecas pero tes que ter presente sempre que un sobreexceso de alcohol ou inxerir substancias que poidan alterar a túa personalidade ou o teu comportamento, poden botar a perder estas noites que poden ser un bo recordo de como viviches a túa xuventude.

Ti decides: ¡¡¿¿Bailas só ou... con drogas??!!.

# CREACIÓN LITERARIA

## GALICIA

Ven, amigo, a Galicia  
Ven, amigo, a disfrutar  
Desta terra acolledora  
Con fermoso e branco luar.

Nun recunchiño de España  
Esténdese por alí  
Algo chamado Galicia  
Terra na que eu vivín.

Cuberto de grandes montañas  
Escóndese o meu val  
Mais nesta terra hai de todo  
Montes, praias e mar.

Por diante temos o océano  
Por enriba cúbrenos o mar  
Cheos de praias bonitas  
Que se funden co luar.

Ven, amigo, a Galicia  
Ven, amigo, a disfrutar  
Desta terra acolledora  
Con fermoso e branco luar.

Moita historia ten Galicia  
Moitos relatos perdidos  
Moitos poemas fermosos  
Que non se darán esquecido.

Houbo un tempo no que o galego  
Non estaba de bo ver  
Gracias a moitos amigos  
non se deu a perder.

Os amigos dos que eu falo  
Morreron, xa non están  
Mais no corazón galego  
Sempre se recordarán.

Ven, amigo, a Galicia  
Ven, amigo, a disfrutar  
Desta terra acolledora  
Con fermoso e branco luar.

*Laura Cordero Fernández*

## A miña Galicia

¡Ai, miña Galicia!  
Galicia chea de cores.  
Por estar ó teu lado  
deixei moitos amores.

A Galicia verde e azul  
queren pintala de negra.  
Mais o número dos que a queremos  
tódolos días medra.

Un estranxeiro chegou a Galicia  
para intentar protexela.  
Viu a súa fermosura  
e quedou prendado dela.

Os mariñeiros uníronse  
para limpar as praias.  
E todos coa dor na alma  
entregamos as mans solidarias.

Con esforzo e suor  
deixamos Galicia nova.  
Fixémolo sen proteccions.  
¡Iso é o que nos amola!

Galicia recupérase  
deste golpe de crueldade.  
E se algún día, te deixo, Galicia  
de seguro morrerei de saudade.

*Pablo Prada*

## CANTIGA DE AMIGO

Ía á praia pola mañá,  
o meu corazón non podía acougar.  
Responde, amigo, ¿onde estás?

Ía á praia polo mediodía,  
o meu corazón de bágoas se enchía.  
Responde, amigo, ¿onde estás?

O meu corazón non podía acougar,  
a miña alma comezaba a chorar.  
Responde, amigo, ¿onde estás?

O meu corazón de bágoas se enchía,  
mais do meu amigo novas non recibía.  
Responde, amigo, ¿onde estás?

A miña alma comezaba a chorar,  
non estaba meu amigo para me aledar.  
Responde, amigo, ¿onde estás?

Mais do meu amigo novas non recibía,  
pouco a pouco na praia a noite caía.  
Responde, amigo, ¿onde estás?

*Álvaro González*

## VIVE E DEIXA VIVIR

Quen te viu e quen te ve  
Quen diría que es ti  
Quen diría que segues aí  
Sempre tan radiante  
E agora simplemente estás aí  
a penas te vemos  
a penas sentímo-la túa presenza  
¿Quen che fixo esto?  
Case es unha pantasma  
sabémolo e non facemos nada  
sábelo e non fas nada.  
¿Que che pasou, raíña?  
¿Quen che fixo esto?  
Xa case non naces  
Xa só morres  
Xa comenzamos a sentir un oco  
Un oco, que che corresponde  
Un oco, que nos impedirá vivir  
Se ti non respondes.  
¿Que sentes?  
¿Como te sentes?  
Estámoste perdendo  
Estanos perdendo  
Pensa en min  
Pensa en ti  
Ti para nós es algo imprescindible  
algo que nos evitará  
a morte anticipada  
algo que será mellor  
para ti e para min  
Vive e deixa vivir!!!

*Scarlett Fernández*

---

## ANACO DUNHA CONVERSA

- Por fin te encontro Su, levo horas buscándote... ¿que che ocorre?
- Igor... teño moito medo... non podo voltar á casa ... matarame.
- Acouga, ¿volveuno facer? ¿Desde cando? Oh Su, díxenche que mo dixeras se che volvía pegar.
- Non me grites Igor ... por favor ... ti non...
- Síntoo ... cóntame que sucedeu, desde o comezo.
- Intentareino

Había xa tempo que non volvera pegarme, case dous meses. Desde que a policía interviria a última vez. Semellaba que todo ía bastante ben, el non tocara a miña nai outra vez, aínda que a

ameazou varias veces, e gritábanos constantemente. Pero onte volveu a comezar todo o pesadelo de novo...

Eu estaba convidada á festa na casa de Marta, ían ir todas, así que lle pedín permiso a miña nai. Conseguí convencela, foi doado a verdade. Ata me levou de compras. Mercoume un vestido precioso, negro, polo xeonllo ... quedábame xenial. Cando chegou a hora de irme, o meu pai aínda non regresara. Fora emborracharse, como facía sempre, cos seus amigos ó bar. Eu estaba convencida diso e a miña nai tamén, aínda que se empeñara en repetirme unha e outra vez que traballaba ata moi tarde.

Ó final marchei. O meu pai non chegara.

Paseino moi ben, se non fora por como acabou, diría que foi a mellor noite da miña vida.

A casa de Marta é enorme e estaba toda á nosa disposición. Os seus pais estaban de viaxe. A casa estaba a rebotar de xente, os de clase, os do grupo, os do meu equipo de voleibol, e os do de loita, estaba Rober...

Ó principio estaba un pouco desorientada, non coñecía á maioría da xente, aínda que en seguida atopei a Sara, Nuria, Olga, Laura e a Lucía, que estaba con Xoán, o do equipo de loita. Ó pouco tempo viñeron Rober e os demais do equipo. Rober veu dereito cara a min, pasamos toda a noite xuntos, primeiro con todos aínda que a medida que pasaba o tempo íamos quedando sós, apartados nunha esquina do xardín... falamos, bicámonos, acariciámonos... Pero todo remata e tiven que voltar á casa. Cando cheguei oín os gritos do meu pai e os saloucos de miña nai. Pensei en irme de alí, pero oín gritar a miña nai outra vez, non podía deixala alí. Cando cheguei á cociña a miña nai sangraba no chan. O meu pai agarroume por un brazo segundo entrei e tiroume contra a mesa, a gatas conseguín chegar onde a miña nai. Ó pouco tempo oíronse sirenas, alguén chamara á policía. El saíu correndo, sen deixar de repetirnos que nos mataría en canto nos atopara soas na casa.

Por iso non podemos voltar, Igor. A policía non o atopou, nin creo que o atope, apenas se molestaron en buscalo. De momento a miña nai está nun sitio seguro, pero en canto lle dean a alta e saia do hospital ... onde iremos. Teño medo...

-Tranquila...

Ana Miranda del Campo

---

## GOTEIRAS NA ALMA

Son xa as cinco da mañá... hora de erguerse. Tenta abri-los ollos, pero as pálpebras non lle responden. Parece que non queren resignarse a deixarlle ver a escura realidade, tan escura como a mancha de humidade que xa volveu aparecer nas vigas do teito. "*¿Será posible...! Outro inverno con goteiras na casa*".

Si señor, e goteiras na alma... esas goteiras producidas pola fodida vida, polo incerto futuro; futuro queimado por xente que nin coñeces.

Pero ¿A QUEN LLE IMPORTA COMO ESTÁ A TÚA ALMA? ...desfacéndose en folepas que leva o vento.

Érguese, para: "*¿Que mal lle fixemos nós a ninguén? Tivo que ser moi grande recoller tal colleita de cruel vinganza*". Non o preguntes máis, é perde-lo tempo. Asómase á ventá e ve un ceo metálico, cuberto de densas nubes. Tamén ve o mar... ou o que queda del. Só merda... lixo plastificado á que lle chaman ouro negro.

Sae da casa, intentando quitar da mente eses pensamentos que día tras día, hora tras hora ensombrecen a súa ollada. "*¿Hoxe que toca capitán?*" . " Treboada. Hai mar picado compañeiro. Hai que quedar en terra". Quedar vendo como o cru chega, arrebatándolles con cada onda un anaquiño de vida.

Comeza a chover, miudiño. Son estas pequenas e frías gotas as que conseguen que diminúa a súa melancolía..., comeza o traballo. Non quedan pas, nin fundas. Non hai máscaras, nin luvas, nin nada. Tan só lles quedan as súas curtidas e agretadas mans. *"Que rápido corre o esquezo... -pensa para si- só leva catro meses todo isto, pero o mundo xa pasou a páxina"*.

*"Hai si, unha desgracia terrible, pero foi hai tanto tempo... Aquilo xa está ben, muller. Iso é auga pasada"*. A auga pasada, esa auga da que se fala, segue chegando negra, con olor a morte e a gasolineeira, e eles seguen traballando contra o inevitable e imposible.

Pero, ¿IMPÓRTALLE A ALGUÉN COMO ESTÁN AS SÚAS ALMAS?... Tan negras, tan tinxidas polas mareas...

Ó compás da resignación, vai escurecendo. Xa toca recoller. *"Por hoxe fixemos un bo traballo. Tres toneladas, entre vinte persoas está bastante ben"*.

Camiña só polas estreitas rúas... pensa no alcol. Ofrece un momentáneo, pero veloz esquecemento. Nisto sente penetrar o frío nos seus ósos, e pensa nas roupas molladas. Non, hoxe non. Dá a volta e colle o camiño da súa casa. Se caese enfermo, non axudaría nada.

Xa é noite pecha cando chega á súa casa, e tras un anaco de pan con sardiñas en conserva, métese na cama. Pensa na súa situación, e atopa novos ánimos no profundo do seu ser. Agora é tempo de loitar. Se caes (*"Nós caemos. Tocamos fondo. Ou mellor, a nós empurráronnos"*), busca un punto de apoio, e volve a erguerse. Se queren afundirte, ti loita e saíras adiante. Aínda que o futuro non sexa camiño de rosas, descubrirás á xente que realmente importa na vida, e eles serán o teu punto de apoio, a túa boia... E sodes tantos na desgracia que nunca, nin aínda que quixeras te sentirás só.

¿E A QUEN LLE IMPORTA COMO ESTÁN AS VOSAS ALMAS? Só a vós, e vós é o único que precisades para saír adiante.

-----

Xírase na cama e mira para a lúa. Unha afastada e fina liña e todo o que queda dela... pero sempre, sempre volve a crecer. Así é a súa esperanza: minúscula, pero con cada noite vai aumentando un anaquiño..... queda durmido.

Son xa as cinco da mañá, hora de erguerse. Abre os ollos e mira ó teito. A mancha de humidade parece máis grande. *"Arranxareina nesta primavera, en canto chegue o bo tempo"*. Mira pola fiestra. Hoxe só se ven unhas pequenas nubes espalladas.

María López

---

## UNHA NOITE A CARÓN DO SIL

A noite era lóbrega e máis escura cá gorxa dun animal famento. Unha choiva miudiña empapaba o parque desde media tarde. Na rúa non había ninguén. Tan só os ouveos teberosos dalgún can facían compañía ás miñas pegadas. O meu cigarro nos beizos, botando un fume que se mesturaba coa néboa do inverno. O meu paraugas soportando o repeniqueo das gotiñas de auga e os meus propios pasos resoando polo malecón adiante, coma se fose un xigante na inmensidade do mundo. Non vou negar que aínda que presumo de valente, esa noite dábame certo medo camiñar a esas horas tan solitarias pola beira do río. O Sil sempre é coma un pai para todos nós, os que fomos nacer neste recuncho dourado de Galicia, mais... ás veces, os pais tamén se rebelan e poden facer ata dano ós seus propios fillos.

Deste xeito ía pensando eu nas toladas dos recrecementos do río, e naquela madrugada na que, na súa furia, levou a vella ponte de San Fernando, ou tantas outras acometidas nas que voltou toma-lo que fora seu: terras, prados, árbores, animais, gando, mesmo casas e persoas...

De socato, un ruído estremecedor resoou na inmensidade da noite. Parecía coma se o río se abriera no seu centro afastado pola forza dun volcán. De feito, unha enorme onda de auga caeume por riba botando a perde-lo meu paraugas ata convertelo nun arrebullo de variñas metálicas e de tea negra engurrada. Sentínme totalmente empapado, mesmo cos deportivos a rever auga coma se acabara de saír do fondo do río. Mais non era eu o que saía da superficie brillante e húmida do Sil.

Unha especie de criatura ou de besta, non sei moi ben como definila, asomaba unha enorme cachola nauseabunda emerxendo dende o fondo da terra. Era un bicho ou un animal, insisto que non sei cómo chamalo, enorme, cun tamaño calculo que maior có dun elefante ou unha balea. Tiña forma coma de polbo, con moitos brazos que axitaba no aire contra a superficie da auga provocando unhas enormes ondadas que chegaban ata o deserto parque infantil.

Tiña un só ollo, que movía a unha grande velocidade semellando que fose un birollo que toleara. O seu aspecto era viscoso, coma de marmelada, mais de certo que o seu sabor non tiña asomo ningún de dozura. E digo o do sabor, porque antes de que eu puidera "poñer os meus pés en polvorosa", vinme amarrado por un dos seus fortes brazos, e puiden senti-lo cheiro e o sabor daquela besta inmundada. Era coma unha especie de cheiro axofrado, algo semellante a cando se deixa o bagazo das uvas abandonado á entrada das covas. Maila súa textura era brandeira, como a goma de mascar. Vinme dirixido preto dunha enorme fauce poboada de dentes da cor do lume.

A penas tiña tempo nin espacio para me remexer. Tentei defende-la miña vida facendo espaventos cos restos do paraugas, mais era unha loita a todas luces desigual. Quixen gritar moi forte, mais estaba como mudo, ninguén podería oír os meus berros de socorro. O enorme brazo do monstro levábame, sen remedio, á súa lingua asquerosa...

Xa me tiña eu por engulido por semellante cacho de besta, cando ela, quen sabe se por mor da escuridade da noite ou porque era algo miope, quixo precaverse ben do alimento que ía inxerir. Entón, arrimoume moi preto do seu único e terrorífico ollo, e nun intre no que deixou de movelo dun lado para outro, para reparar en min; collín as poucas forzas que aínda me quedaban e introducindo a punta do paraugas polo seu ollo, deille ó botón automático, conseguindo que se abriera daquela maneira no interior do ollo da besta. Ela soltou un torgo estremecedor que resgou o ceo e sobrecolleu ás almas cándidas durmidas da noite, ó tempo que un líquido vermello lle brotaba do ollo. Foi o momento no que sentín que o seu brazo afrouxaba un pouquiño a forza e aproveitei para soltarme del e saír correndo.

Loxicamente caín na auga, unha auga fría coma o xeo, e na que aínda tiven que loitar contra os intentos que a besta ferida e cega facía por non deixarme escapar. Ó fin conseguín chegar ata a beira do río, tentando de me levantar para escomezar a correr, cando notei que alguén tiraba por min sen deixarme saír completamente da auga. Eran unhas especies de gnomos azuis de orellas aguzadas que querían botarlle unha man ó maldito monstro do Sil. Nunca vin homes tan pequenos e duros de pelar. Eu dáballes patadas e puñazos, e saían voando ó redor meu, mais cantos máis afastaba, máis ananos aparecían colléndome por tódalas partes.

Souben que non tería xa outra oportunidade de defenderme. Sentíame rodeado por miles destes homiños que de novo me levaban augas adentro, e por máis que tentaba librar-me deles, cada vez estaba máis preto do meu final. Toda a miña vida xirou nun intre ó meu redor, xusto antes de que a besta puxera de novo o seu brazo na miña fronte. ¡Deus! ¡Xa estaba perdido de todo! A besta colleume e axitoume no aire e vin os seus dentes que ían cravarse sen remedio na miña triste e desvalida carne...

Nese momento, a moi besta deume un par de sopapos ben dados na cara: "*¡Ramiriño, Ramiriño, esperta ho, que estás veña a dar berros na cama e non deixas durmir a ninguén!* Abrín os ollos e alí estaba a besta en persoa: a miña sogra cun camisón de pitufos e un gorro de durmir combinándolle con el, cunha aparencia máis terrorífica incluso có monstro dos meus pesadelos.

Desde aquela, cóidome moito de me quedar a durmir ó carón do Sil, na casa da miña sogra. Ela é unha besta pacífica e agarimosa, e eu aprécioa de veras, aínda que non o pareza. Mais, ten o maldito costume de facerme para cear uns callos picantes con garavanzos, chourizo e orella, que requiren que lles bote uns cantos e xenerosos tragos de menciño. Logo, como o noso cariño é recíproco de verdade, dáme a beber catro ou cinco copiñas de licor café cuns anacos de bica manteigosa, que non sei dicirille que non. Así que, logo da paparota á calorciña do lume, métome ben quentiño na cama, nese agarimoso xergón de la, dos de antes da guerra, e póñoome a suar e danme pesadelos coma o que hoxe relatei...

Xa llo dixen: "*Escóiteme ben Floridoxia: a próxima vez que me poña callos para cear, durme na cama comigo, a ver a quen prefire a besta: a min, que só teño ósos; ou a vostede, ben rechonchiña como está e por riba con ese camisón e o gorro dos pitufiños*".

Ana Raquel Revuelta

## COPLAS DOS MAIOS '03

Empezou a primavera  
con bo tempo, con bo sol,  
este sangue que se altera  
ten un pacífico son.

No inverno reina o frío  
no verán reina a calor  
e na primavera sobre todo  
o que reina é o amor.

Xa chegan os maios  
e por aló o sol xa asoma  
entre montes, prados e vilas  
que de vida colma.

Flor e cor nos maios  
alegre vida e ventura  
son como unha porta  
que trae moita fermosura.

Neste ano 2003  
imos todos brindar  
pola paz neste mundo  
que moi pronto vai chegar.

Xa están chegando os maios  
xa se cantan as coplas  
está ledo todo o mundo,  
tanto mozos coma mozas.

Xa esquecidas as notas  
chega a Semana Santa,  
para saír de festa...  
a ver se o corpo aguanta.

Xa chega o verán  
e con el a diversión  
pero antes queda estudar  
para a terceira avaliación.

Vén o maio  
chega fin de curso  
dannos as notas  
hai algún que outro susto.

Xa é o último trimestre  
e haberá que aplicarse  
pois ninguén no curso  
quere abaixo quedarse.

Os rapaces de 4º  
de excursión queremos ir  
e como non cheguen os cartos  
poñerémonos a pedir.

Os alumnos de 4º  
queren ir de excursión  
e dinlle ós profesores  
que canto máis lonxe, mellor.

Os horarios da ESO  
son unha parvada  
hai que madrugar moito  
para non facer nada.

Mestres e alumnos  
andan revolucionados,  
agora nin se pode poñer  
publicidade nos encerados.

Rematou o inverno  
os galegos comezan a espertar  
dun duro e longo pesadelo  
que tivo comezo no mar.

Foi en novembro  
preto de Muxía,  
cando o petroleiro "Prestige"  
soltando a carga se afundía.

Rápida e noxenta  
a negra manta comezou a medrar  
matando toda a vida  
que ó seu paso puido atopar.

Un mollo pegañento  
que destrúe as nosas costas,  
un petróleo que consume  
e deixa as vidas rotas.

Primeiro Bin Laden  
derrubou as Torres Xemelgas  
e agora o Prestige  
invadiu a nosa terra.

O petróleo negro  
as nosas praias manchou  
levando por diante  
animais sen compasión.

Pasando o Prestige por Galicia  
as nosas costas manchou,  
morreron aves e peixes,  
menudo desastre montou.

O petroleiro Prestige  
afundiou nas nosas costas  
o presidente de caza,  
e todos quedamos sen ostras.

Adeus nécoras e centolas  
adeus mexillóns da alma  
adeus praias da miña costa  
adeus limpeza da miña auga.

As nosas costas faleceron  
Galicia está manchada  
sentimentos de tristeza  
toda a vida asasinada.

O Prestige afundiuse  
as praias negras quedaron  
e agora toca limpar  
onde antes se bañaron.

Deixaron a nosa costa  
chea de chapapote  
teremos que ir veranear  
á praia de Lanzarote.

Branca bandeira galega  
que ondeas fronte ó mar,  
tornácheste agora negra  
¡cando volverás brillar!

No verán as praias galegas  
estarán todas baleiras  
só serán os voluntarios  
os que pisen as areas.

O pobo galego  
as gracias ten que dar  
a tódolos voluntarios  
que se matan a traballar.

Entre todos conseguiron  
difícilmente dominar a situación,  
cousa que non foi gracias  
ó inútil goberno español.

Coa conta do "Prestige"  
por culpa dun patán,  
as praias de Galicia,  
de chapapote están.

Ó afundirse o Prestige  
Aznar, o do gran bigote,  
por non luxar a gravata  
non foi limpar chapapote.

Chegou a marea negra  
Galicia está inundada  
o chapapote invádenos  
e Rajoy di que non é nada.

Vaia cara ten Rajoy  
mente máis ca fala  
debería ir el só  
buscar o chapapote do Fraga.

As nosas praias estaban negras  
os pescadores sen faenar,  
mentres Fraga perdices cazaba  
¡Mágoa que non caese ó mar!

Querémoslle dicir  
Ó Señor Manuel Fraga  
que abandone a cacería  
e arranxe as nosas praias.

O Prestige veu a Galicia  
e de negro a pintou  
avisamos a Fraga  
pero colleu e marchou.

En España hai un presidente  
que raña moito no bigote  
cando todos os galegos  
protestamos polo chapapote.

Aznar é un galiña  
non nos vén nin visitar,  
como siga así  
votarao súa nai.

Todos gritan "Nunca máis"  
e así queremos que sexa,  
así que señores ministros  
menos parafernalia e máis cabeza.

Este curso xa remata  
foi todo un pesadelo,  
agora estamos coa guerra  
antes co do petroleiro.

Menos mal que chega o maio  
para aliviar a nosa dor  
escribimos bonitas coplas  
que alegran o corazón.

Xa que temos a obriga  
de escribir estas letras  
tocaremos aqueles asuntos  
que para nós merezan a pena.

Comezarei pola guerra  
da que tanto oímos falar  
e que nestes días  
parece que vai rematar.

Dáme pena que se admire  
o valor nesta batalla  
menos mal que cos rifles  
non se matan as palabras.

Espero que no futuro  
a guerra non sexa unha opción,  
mal exemplo estamos dando  
ás vindeiras xeracións.

Primeiro o do Prestige  
agora o da guerra,  
xa non nos asustan,  
aguantaremos o que veña.

Non ós buques monocasco,  
si á paz en Irak  
e a Bush e Aznar  
que lles dean por detrás.

Chapapote-barco-Prestige  
era a nova triada galega,  
só faltaba unha guerra  
para rematar a faena.

Problemas de guerra,  
problemas de chapapote  
e problemas tamén  
no partido do do bigote.

Aznar é un floreiro  
Bush é a flor,  
quen pense que é mentira  
que diga que non.

Semana, mes e día;  
primavera, outono, verán,  
hora, minuto, segundo;  
Bush, Blair e Aznar.

Nesta guerra tan rara  
Bush di salvar a Irak,  
pero o único que quere  
son os pozos de Sadam.

Americanos e británicos  
salvadores queren parecer,  
armas químicas  
¿ou petróleo por recoller?

Se o Señor Bush  
quere quitar petróleo,  
que veña para Galicia  
que aquí temos abondo.

A de nomes que recibe  
esta guerra é de envexar,  
que se guerra preventiva,  
que se loitamos pola paz.

O presidente estadounidense  
pretende derrotar a Sadam,  
para facerse coas súas terras,  
anque el di que é para frear o ma

O presidente norteamericano  
nunha guerra nos meteu,  
todo o mundo estaba en contra,  
pero a el igual lle deu.

A guerra comezou,  
sen fogar deixou á xente,  
mentres Bush e Husein  
nas súas casas están quentes.

O presidente das Américas,  
considerado un patán  
está a matar inocentes,  
para coller a Sadam.

Os americanos o mundo  
pouco a pouco van conquistando  
e antes que nos deamos conta,  
nós tamén estaremos ó seu mando

Os iraquís con "kalasnikovs"  
a Bush queren derrotar;  
en contra do Imperialismo  
que en Irak quere gobernar.

Pero mira como ataca  
ese bicho de Sadam,  
pero mira como ataca  
e non para de atacar.

Pero mira como ataca  
e ataca o iraquí,  
onte caeron dous mísiles  
en solo Kuwaití.

O Señor Sadam  
quérenos enganar,  
con tantos dobres  
imos tolear.

Bush, Blair e Aznar  
esta guerra empezaron  
sen pensar nas persoas  
que sen culpa mataron.

Os periodistas en Irak  
estábanse xogando a vida  
veu un mísil  
e rematou coa movida.

Os militares americanos  
con Couso acabaron,  
deixando unha familia  
co corazón destrozado.

O asasinato de Couso  
produciuse nesta guerra  
e Aznar cun talonario  
parece que todo o arregla.

Din que non queren atacar  
en Irak ós civís,  
tirando bombas nos mercados  
non sei qué queren conseguir.

O pobo non quere guerra,  
en protesta fai mobilizacións  
e a oposición aproveita  
para gañar as eleccións.

O presidente de España  
vai en contra do pobo español,  
el apoia a guerra  
e nós á guerra dicimos NON.

A nosa palabra non conta,  
o presi fai o que quere,  
nós dicimos: ¡Aznar, dimite!  
e el no seu posto segue.

Con isto da guerra  
facemos folgas a diario,  
pero cando cheguen os exames  
acordarémonos dalgún mandatario.

Folga tras folga  
a paz queremos reivindicar  
e inda que quedemos sen fala  
¡NON Á GUERRA! imos berrar.

A nós gústannos as folgas,  
¡nós con folgas protestamos!,  
aínda que non nos fan caso  
que non digan que non o intentamos

Non é normal que a xente  
lles tire pedras ós do PP,  
pero tampouco se consente  
que Aznar non conte con ninguén.

Todos dicimos "Non á guerra",  
pero o goberno non escoita,  
non sei se quedarían xordos  
con tanta bomba.

Din que hai democracia  
que todos podemos opinar,  
pois eu opino que escoiten  
o que estamos a berrar.

Estamos estes días  
de folgas a rachar,  
para ver se esta guerra  
se pode a acabar.

A guerra deste mundo  
quixera eu parar  
facer que falase o pobo  
e levar ata eles a paz.

Desta guerra non se sabe  
nin o porqué, nin a solución,  
non o sabe o goberno  
nin tampouco a oposición.

Non hai bos nin malos  
nesta guerra, coma en todas,  
porque digan o que digan,  
non existe guerra boa.

Segundo os enviados  
a guerra ten rematado  
mais moito tardarán os americanos  
en recoller o alí desplegado.

Cando todo remate por fin,  
os civís poderán descansar  
"¡pero se é polo seu ben!"  
dicían Blair, Bush e Aznar.

Din que a guerra acabou  
pero non as teño todas comigo  
seguro que este Sadam,  
anda nalgures metido.

Husein e Bin Laden  
aínda seguen moi vivos  
e debaixo da terra  
se achan escondidos

A estatua de Sadam  
derribárona onte,  
pero el segue escondido  
no cu do monte.

Nesta guerra de Irak  
Sadam era o obxectivo,  
mentres o pobo sofre bombardeo  
el permanece escondido.

O Sadam está escondido  
o pobre está que se caga,  
atácano como hai tempo  
con mísiles e con cazas.

O Concello do Barco  
parece o mellor,  
agás polas obras,  
que están a facer no Malecón.

O novo alcalde  
O Barco cambiou,  
todo está novo  
e mola un montón.

O alcalde do Barco  
moitos arranxos está a facer  
e anque leven o seu tempo,  
seguro que son para ben.

O alcalde do Barco  
está a facer reformas,  
pero a ver cando as remata,  
¡que xa vai sendo horas!

O alcalde do Barco  
é de todos o máis descarado,  
do pouco que fixo fai propaganda  
por gañar votos está desesperado.

Con tantas obras  
non se pode aparcas  
e a xente non sabe  
onde os coches deixar.

Andamos un pouco tolos  
todos coa circulación,  
pois cambiaron os sentidos,  
agora todo é un follón.

Os peixes do río Sil  
van todos emigrar  
e os pobres pescadores,  
non poderemos pescar.

Se din que CEDIE  
contamina o ambiente,  
¿por que a auga  
vai coller alí a xente?

O PP e o PSOE  
non paran de rifar,  
como sigan a este ritmo  
imos pasar de votar.

Os políticos do Barco,  
son de ideas diferentes,  
pero o noso idioma,  
ningún deles o defende.

Presumimos de galegos,  
de terra e de cultura,  
pero non nos decatamos  
de que a lingua é unha fermosura.

Todos falan castelán  
por finura e por loucura,  
eu prefiro o galego,  
que é a nosa cultura.

¿Para que vale  
tanta ciencia e tanta cultura,  
se levamos a nosa lingua  
dereitiña á sepultura?

Primeiro foi Rosalía,  
despois Curros e Pondal  
e agora tócanos a nós  
falar galego sen parar.

Con isto do euro  
ímonos arruinar  
e se reclamamos ó goberno  
manda a todos a pastar.

Co tema de non reciclar  
isto é un lío  
e as persoas non paran  
de sacar lixo do río.

A bulimia e a anorexia  
moita xente están a matar  
e a nosa sanidade  
solución non pode dar.

Os premios do cine  
tiveron tinte español,  
pois gañou Almodóvar  
pola súa carreira de Director

Este ano no Hotel Glamour  
o Señor pocholo entrou  
e polo seu comportamento  
no manicomio acabou.

En Hotel Glamour  
entrou Pocholo,  
que está coma unha cabra  
e fala coma un loro.

Co Hotel Glamour  
estamos a tolear,  
porque Pocholo e Dinio  
quérena liar.

En Hotel Glamour  
todo é artificial,  
desde as escenas que montan  
ata o corpo de Berrocal.

Hotel Glamour  
é unha porquería,  
pasan borrachos  
a maior parte do día.

O mundo do corazón  
está moi revoltado,  
a Pocholo roubáronlle a mochila  
e ninguén carga co morto.

Marujita Díaz  
ten un noivo cubano  
e o anterior  
era Mexicano.

Aramís Fuster  
fai vomitar,  
porque está moi gorda  
e todo o quere ensinar.

Os sábados en Salsa Rosa  
hai moito cotilleo,  
falan do Hotel Glamour  
onde fan moito boureo.

Na TVG apareceu  
un novo heroe,  
todos os nenos o coñecen,  
Shinchan é o seu nome.

Os nenos de agora  
non paran de gritar  
trooompa, trooompa,  
despois de ver ó Shinchan.

Se tes un furuncho  
ou che doe unha moa,  
pon a segunda  
na botica da avoa.

O máis fácil hoxe en día  
é saír na televisión,  
présentaste ó Gran Hermano  
ou para cantar en Eurovisión.

Este ano en Gran Hermano  
de todo houbo pasar,  
desde un cura que se namorou  
ata dous que quixeron casar.

Eles nominan,  
nós votamos,  
e ó final,  
¿Nós que gañamos?

Tanto Gran Hermano  
tanto Hotel Glamour  
son tan repetitivos  
coma ver o tour.

Os de Operación Triunfo  
aprovéitanse de todo,  
tres días en antena  
e xa teñen un foro.

Os animais do zoo,  
son máis libres cós famosos  
porque estes por diñeiro  
fan de "glamourosos".

A nosa Arantza  
este ano fóisenos retirar,  
xa non fará máis torneos  
e ó noivo poderá coidar.

Un xogador do Madrid  
chámase Cambiasso,  
corre coma unha perdiz  
e fala coma un pallaso.

Ronaldo está engordando,  
xa non pode nin correr,  
como siga así,  
axiña terán que tirar del.

Os xogadores de fútbol  
cobran unha millonada  
e por enriba quéixanse  
se lles dan unha patada.

E con isto rematamos,  
non hai máis que dicir,  
só queremos ser felices  
NON Á GUERRA e a VIVIR.

Inés Boyero

## ENTREVISTA CON CHRISTIAN ESCUREDO

Christian Escuredo Núñez, antigo estudante deste instituto, viu cumprido o seu soño este ano pasado ó cantar diante das cámaras de televisión e ante a espera de ser seleccionado como un dos finalistas nun concurso de canción, continúa os seus estudos en Valladolid, alí foi onde lle preguntamos:

**P. ¿Cando empezaches no mundo da música?**

R. O que se di empezar, pois igual que todos, no colexio, pero en serio, empecei no conservatorio con quince anos a estudar guitarra, de aí foron surxindo cousas... Ben, cando tiña doce anos participei nun concurso infantil de Karaoke, jaja!

**P. ¿Que estás estudiando en Valladolid?**

R. Educación musical, guitarra, canto e estou nun grupo de teatro.

**P. ¿Como surxiu a idea de presentarte a Luar?**

R. Jaja, un día ensaiando no conservatorio co grupo Ad-Libitum díxome José (o profesor de piano e linguaxe musical) que lles mandara a maqueta ó programa e así foi.

**P. Así que non é a primeira vez que participas en concursos musicais.**

R. Ti xa sabes que non, jaja... participei no festival da canción do Landro, gracias a ti, porque eu non sabía nada, ¿eh?, e o 21 de febreiro participei na semifinal da canción de Ordes e en marzo fun á final.

**P. No teu paso polo programa de televisión Luar vímoste interpretar diferentes tipos de música pero en realidade, ¿por cal deles te decantas?**

R. En Luar tiveron que poñer diferentes estilos, sobre todo cancións movidas que é o estilo que pide o público, pero encóntrome máis cómodo

cantando temas lentos (balada, música melódica...)

**P. ¿Pensaches en iniciar unha carreira en solitario?**

R. Iso é moi difícil, de momento só estou empezando e aínda non tiveron ningunha oportunidade de gravar un disco en condicións, tan só maquetas e dou gracias por iso.

**P. ¿En que punto da túa carreira cres que te encontras?**

R. No principio... queda moito por aprender...

**P. Agora que ten tanta fama o programa de Operación Triunfo, ¿non pensaches en probar?**

R. Si, muller... pero iso é xogar á lotería, está claro que se un non se arrisca non vai conseguir nada.

**P. ¿Que valores cres que teñen nestes programas para aceptar a xente?**

R. Creo que de todo un pouco (estilo, voz, físico, etc.) e depende do que pretendan buscar ou vender á audiencia.

**P. ¿Gravaches algunha maqueta?**

R. Si, algúns concertos foron gravados en directo, pero sempre hai que preparar algo máis en serio para presentar en festivais como os que xa che


dixen, porque os castings normalmente son escoitando unha gravación.

**P. ¿Que planos tes para o futuro?**


R. Que che vou dicir... exercer a carreira que estou facendo non estaría mal (por algo a fago), pero se saise algo mellor non o descartaría. Gustaríame dedicarme ó teatro musical.

**P. E esta última pregunta para as túas fans, ¿tes algunha amiga especial?**

¿¿Fans?? Jaja, pois... supoño que os meus amigos/as e a miña familia son os mellores polo seu apoio, así que só quero darlles as gracias por todo.



## PANXOLIÑAS



Todo comezou un día de novembro cando chegou ó noso centro a convocatoria para o concurso de panxoliñas e cantos de Nadal, esta, estaba aberta a tódolos cursos de ESO, e consistía en cantar dúas cancións, unha tradicional galega que nos daba a organización, a nós tocounos “Paxariños que voades”. A outra canción, compuxérona as profesoras do seminario de Música, chamábase: “E temos que estar contentos”. Para sorpresa de todos, houbo moita xente que quería participar no concurso, ó redor de cen persoas, isto, supuxo certa dificultade á hora de quedar polas tardes para ensaiar, debido a que eramos moitos e de diferentes idades e non todos podíamos vir os mesmos días ós ensaios. Finalmente, quedabamos a ensaiar nos recreos. Isto dos ensaios era moito lío, ás veces portabámonos ben e todo saía como se esperaba, pola contra, había días que iamos cansos e facíamos enfadar ás dúas profesoras (Marta e Paula).

Despois de moito ensaiar, chegou o gran día, marchabamos a Ourense, iamos participar na primeira fase do concurso. Era un 29 de Novembro do ano 2002 cando saímos, moi cedo, cara Ourense. A actuación comezaba ás dez da mañá no Conservatorio Superior de Ourense. A mañá foi moi emocionante, xa que nos tocou esperar a que actuaran outros e todos estabamos moi nerviosos (incluídas as profesoras).

Finalmente tocounos actuar, saímos ó escenario nunha perfecta orde e fómonos colocando onde nos correspondía, saíunos

mellor ca nunca, e ata o público bailaba connosco nesa parte do estribillo de “Temos que estar contentos” na que nos balanceabamos dun lado cara ó outro, estando contentos como di a canción. Saímos todos cun xesto triunfante e sorrinte, xa que esperabamos a clasificación para ir a Santiago. Despois chegou a decepción para nós cando non oímos o noso nome dentro dos dous clasificados, enfadámonos moito porque realmente foi inxusta a elección do xurado pero marchamos coa cabeza moi alta sabendo que merecíamos gañar.

Ó rematar a actuación, viñeron os dous autobuses a recollernos para levarnos ó centro comercial de Ourense, alí xantamos e estivemos paseando ata a hora de marchar de volta para o Barco.

A pesar da decepción, aínda quedaron ganas para volver ó ano seguinte e pasar un día agradable todos xuntos, xa que a experiencia mereceu a pena.

O catorce de Decembro presentóusenos a oportunidade de participar na Casa da Cultura do Barco nun acto solidario, onde actuamos outra vez coas nosas panxoliñas e saíunos moi ben.

Espero que os que veñan detrás teñan mellor sorte ca nós. Pero creo que a pesar de todo ninguén dos que participamos este ano poderá esquecer a experiencia.

*Ana Raquel Revuelta Parra*

María López Álvarez

TÍTULO: *"El Último Catón"*.  
 AUTORA: Matilde Asensi.  
 XÉNERO: Thriller (intriga, misterio).  
 PÁXINAS: 576.

Unha paleógrafa do Vaticano recibe unha perigosa misión: descubrir o sentido dunhas tatuaxes atopadas no cadáver dun etiope, ó pé do cal se atopou un anaco roubado da Vera Cruz de Xesucristo. Ottavia, xunto a un garda suízo e a un arqueólogo exipcio,

introducírase nas probas iniciáticas para pertencer a unha secta milenaria, os Stanrofilakes, os que teñen no seu poder a Vera Cruz. Estas probas están baseadas nos sete pecados capitais, e deben utilizar como guía as pistas ocultas na Divina Comedia de Dante. Isto cambiará o seu modo de ver a vida, e vivirán novas experiencias descoñecidas para eles e o resto do mundo. Unha obra emocionante, cun gran trasfondo cultural, e cun final máis que sorprendente.

Héctor Del Valle

### A NOVELA DO ANARQUISMO GALEGO

O autor de *As rulas de Bakunin*, Antón Riveiro Coello, é un dos escritores galegos que máis ten prosperado nos últimos tempos.

Riveiro Coello non se amosa pudoroso á hora de facer públicas as súas armas: dominio lingüístico, máxima tensión na mínima expresión, deixar claro desde o comezo de que vai a novela, coidar a prosa, sorprender con metáforas insólitas, nomeadamente visuais. En fin, ter escritura e estrutura.

Todas estas características podemos atopalas nesta novela, *As rulas de Bakunin*, unha novela ante todo realista, que pretende transmitirnos os pensamentos dunhas persoas que viviron e tamén sufriron a opresión daqueles anos nos que pensar por si mesmo estaba prohibido e manifestalo significaba a morte. Este libro lévanos nunha viaxe ó longo dun século a través da nosa historia acompañados por catro xeracións distintas, vivindo os seus soños, as súas derrotas, cunha estrutura baseada na superposición de planos narrativos e unha linguaxe moi coidada, a pesar de que por momentos pareza que se transcribiron os feitos de viva voz.

O fío do relato baséase na busca dun libro que foi salvador na escuridade dos cárceres fascistas para todas aquelas persoas que foron capaces de memorizalo en quince días, e que servía para mofarse e torturar a toda aquela xente que con moito esforzo

lograba aprendelo. Este libro, traído polo avó Estevo na súa estancia na Pampa arxentina, estaba escrito en castelán e carecía de autor, o que lle daba tamén un certo aire misterioso. Polo contrario, este libro será tamén o final do relato o causante da morte dunha das persoas ás que salvara, Andrés, a segunda persoa que máis apreciaba este libro despois de Camilo.

*As rulas de Bakunin* é un libro cheo de metáforas, culminando cunha metáfora final na que o autor nos expresa os seus sentimentos e móstranos o sentido real do libro; a morte do protagonista escribindo a última carta á súa esposa falecida e como o seu neto Lázaro, rapaz cego que recupera a visión gracias a unha operación en Barcelona, atópao morto na súa casa, e que representa o paso dunha xeración oprimida, cegada pola falta de liberdade a unha xeración libre, que por fin é capaz de abrir os ollos e expresar os seus sentimentos.

Tamén é importante facer referencia ó título da obra, posto que é unha das metáforas máis importantes do libro. Bakunin, a pesar de non ser mencionado practicamente no libro, representa o anarquismo e as ideas libertarias, xa que foi un anarquista ruso que conseguiu fuxir da morte varias veces e difundir o seu pensamento anarquista por toda Europa. Por outra banda, a rula é unha especie de pomba que representa a liberdade. Polo tanto, transcribindo este título metaforicamente significaría "a liberdade do anarquismo".

# Sós: Manuel Antonio

FOMOS ficando sós  
o Mar o barco e mais nós

Roubáronnos o Sol  
o paquebote esmaltado  
que cosía con liñas de fume  
áxiles cadros sen marco

Roubáronnos o vento  
Aquel veleiro que se evadiu  
Pola corda frouxa do horizonte

Este océano desatracou das costas  
e os ventos da Roseta  
orientáronse ao esquezno

As nosas soedades  
veñen de tan lonxe  
como as horas do reloxe  
Pero tamén sabemos a manobra  
dos navíos que fondcan  
a sotavento dunha singradura  
No cuadrante estantío das estrelas  
Ficou parada esta hora:  
O cadáver do Mar  
fixo do barco un cadaleito

Fume de Pipa	Saudade
Noite	Silencio
E ficamos nós sós	Frío
Sen o mar e sen o barco	
nós.	

No poema "SÓS" o autor, como nos seus outros poemas, fálanos do paso do tempo e da monotonía ou estancamento que se pode chegar a alcanzar na vida .


O barco que navega polo mar representa ás persoas e o transcurso da vida. Cando estas se estancan, como os barcos, poden chegar a unha situación de estatismo. E cando o barco se afunde chega a hora da morte. En conclusión, o paso da vida.

O autor rompe coa tradición nun aspecto, porque utiliza imaxes orixinais e insólitas, pero segue conservando un dos temas da poesía popular como é o mar. Exemplo de imaxes vangardistas son:

"Fomos ficando sós  
o Mar o barco e mais nós "

"O paquebote esmaltado  
que cosía con liñas de fume  
áxiles cadros sen marco "

( Compara o fume que produce o barco con



formas e debuxos que parecen reais )  
Tamén se observa unha nova e orixinal disposición tipográfica:

-Utilización de minúsculas e maiúsculas.

-Uso de espazos en branco:

"Fume da pipa Saudade"

-Eliminación dos signos de puntuación

-Eliminación da rima a excepción dos dous primeiros versos que riman en consonante.

"Fomos ficando sós

o Mar o barco e mais nós"

As estrofas son desiguais , os versos longos intercálanse entre os medianos e pequenos dando sensación de movemento. Un movemento que axuda á explicación do tema principal do poema, posto que crea unha situación de transcurso e movemento .

Rosa María Cortiñas Docampo e Andrea Prada  
Marcos

Beatriz Rey e Mónica Paradelo

## DEPORTE E ADOLESCENTES

O obxectivo principal do deporte é segundo Platón, Aristóteles e Galeno, a regulación dunha vida sa para conseguir un bo estado corporal e a boa forma. *¿Opinamos tódolos adolescentes o mesmo?*

Claramente si, incluíndo outros factores relacionados coa motivación, o interese, a diversión, o contacto cos demais e incluso *¿por que negalos?* Para o culto ó corpo, como xa ocorría na antiga Grecia.

A maioría dos adolescentes que seguen unha rutina, é dicir, que manteñen un horario estable, son os que desde a súa temperá infancia empezaron a practicar dito deporte.

Neste caso podemos sinalar que son os rapaces quen comezan antes, ó igual que optan preferentemente pola participación en equipo.

Os deportes con maior índice de aceptación por parte do colectivo masculino son: o fútbol, tenis, básquet e ciclismo, que curiosamente se mantén para o colectivo feminino xunto coa natación e o aeróbic.

Noméanse outros deportes como o snowboard, windsurf e esquí, que tan só se poden practicar en determinadas estacións do ano, baixo unhas condicións climáticas específicas e que á súa vez esixen un desprazamento. Seguramente é este o motivo polo que só uns poucos poden chegar a practicar estes deportes.

Os deportes alternativos que máis interese suscitan son principalmente os deportes de risco como o paracaidismo, o puenting, etc. Incluso nos gustaría gozar dunha piscina climatizada para poder nadar durante todo o ano.

Debemos ter moi en conta que toda actividade física esixe ser rigorosamente programada e controlada. O cal implica a necesidade dunha maior cantidade de especialistas na zona. Con ter simplemente os medios non basta, hai que saber empregalos; respectando nun primeiro momento o quecemento para poder levar a cabo o esforzo físico e finalmente non nos esquezamos dunha parte tan ignorada como é o estiramento e a relaxación.

Con respecto ó anterior pretendemos facer unha pequena comparación cos hábitos deportivos dalgúns dos profesores de noso instituto.

Neste caso predominan os que non practican o deporte sobre os que o fan. Son a preguiza e a falta de tempo os condicionantes desta situación.

O colectivo que practica algún tipo de deporte adoita dedicarse á natación, sendeirismo e ciclismo. Ademais para as mulleres engádese a ximnasia de mantemento, mentres que no caso dos homes prefírese o fútbol.

*A parte do deporte, ¿que facemos no noso tempo libre?*

Os profesores teñen claramente outros intereses distintos ós nosos. O seu tempo libre adícanos á lectura, música, cine, teatro, viaxes e política.


En cambio os adolescentes, no pouco tempo libre que nos queda disfrutamos coa televisión, os videoxogos, a música e preferentemente saír de festa cos nosos amigos/as.

Para finalizar gostaríanos lanzarvos unha pregunta *¿Teñen algunha oportunidade de practicar algún deporte a xente con minusvalía, tanto física como psíquica?*


A continuación podedes observar a porcentaxe relativa á práctica do deporte dos adolescentes e profesores enquisados:

## PRÁCTICA DO DEPORTE


ALUMNOS




ALUMNAS



PROFESORES



PROFESORAS



## ¿QUEN PODE DICIR QUE NON SABE O QUE É O FÚTBOL?



Aínda que non queiras, o fútbol invade de tal xeito a nosa vida que é imposible escapar del. E coma sempre ocorre, hai historias que permanecen por sempre, polo que o meu instinto lévame a pensar que xa na época dos nosos avós este deporte triunfou de tal xeito que chegou a ser o deporte rei. E ano tras ano segue liderando a táboa de preferencias respecto ós deportes.

No IES Martaguisela, temos a nosa propia liga, a liga de fútbol interclases, nela tamén temos protagonistas, pichichis, boas e malas xogadas, partidos que se gañan e outros que se perden...

Éme imposible falar un a un de todos eles, ademais sería parcial (e unha boa xornalista sempre é obxectiva). Todos eles demostran que son amantes do fútbol. Hai grandes xogadores que son conscientes das súas virtudes, coñecedores do talento que levan con eles, e que día tras día explotan para conseguir a victoria para o seu equipo, e así darlle posibilidades a este de ascender na táboa de clasificacións.

Cando un equipo é merecedor da victoria, xeralmente é porque demostrou no terreo de xogo un bo xogo e unha entrega demostrada polos xogadores deste equipo.

Os equipos que polo contrario presentan menos victorias logradas, teñen que seguir traballando para compensar a diferenza de puntos que hai. Non teñen que renderse, nin baixar a garda.

En todos os partidos hai un xogo que alcanza un nivel bastante aceptable. É

verdade que de vez en cando o factor sorte inflúe no resultado do partido (nos goles a favor, goles en contra, faltas, xogadas con maior eficacia, deslices dos defensas...) pero outras moitas veces os goles que soben ó marcador dos equipos do IES Martaguisela son froito dunhas xogadas dignas de chamar brillantes. Normalmente cando un determinado equipo está dominando o xogo, o xogador con frecuencia define e remata case todas as xogadas.

Algúns equipos teñen máis facilidade ca outros para aproximarse ó gardameta contrario, depende da axilidade de cadaquén... Os dianteiros teñen que estar no lugar que corresponde sempre, no momento preciso, outra cousa é que non teñan frecuencia de gol semellante á dos grandes "cracks" do fútbol.

Os equipos do IES Martaguisela diferéncianse entre eles no mesmo cós grandes equipos de fútbol: nas ocasións de gol que son capaces de xerar no mesmo partido, xa que o principal temor dos xogadores é o pánico a perder. Pero aínda así cada equipo ten algo distinto.

As clasificacións están divididas en tres grupos:

- un primeiro ciclo da ESO (1º e 2º de ESO).

- un segundo ciclo da ESO (3º e 4º de ESO).

- o último grupo (e non por eso menos importante, senón que son os veteranos) de Bacharelato (1º e 2º de Bacharelato).

- E o equipo especial da liga: o equipo dos profesores.

Cada vez están máis preto as finais, o tempo voa, pero antes ca ela chegarán as semifinais.

Dende aquí quero desexarvos sorte a todos, e recordarvos que o tempo apremia e que aínda podedes acceder ós primeiros postos da táboa: "A esperanza é o último que se perde". Ánimo e sorte a todos.

Laura Cordero e Lara Blanco

## A MODA NO SÉCULO XXI

A moda en si, maniféstase de dúas formas:

- Maneira pasaxeira de actuar, vivir ou pensar que está ligada a un medio ou a unha época determinada.
- Maneira particular de vestirse ou amañarse conforme o gusto dunha determinada sociedade.

Nos últimos anos estanse a levar os pantalóns de campá, e se volvemo-la vista atrás descubriremos que na época dos nosos pais tamén se levaba ese tipo de pantalóns. Outro exemplo deste fenómeno é o dos pantalóns de pitillo, que, segundo as nosas informacións, levaranse dentro duns meses.

No tema das camisetas, vense moito as de tipo hippy, sen embargo, no verán toman protagonismo as camisetas curtas e de tirantes.

Referíndonos á roupa deportiva, os chandals deixaron de levarse hai algúns meses e agora prefírese a malla axustada, combinadas con camisetas ou sudadeiras deportivas.

### AS MELLORES COMBINACIÓNS, PARA CERTAS OCASIÓNS

#### Rapazas:

- Para ocasións especiais (vodas, bautizos...etc.): A mellor opción para esta ocasión é optar por un vestido de corte sinxelo e cómodo, este vestido pode levar estampados de calquera clase pero que non sexan moi recargados. Un corte de vestido moderno e que axuda a estilizar a túa silueta é o de baixo asimétrico, é dicir, corte en diagonal.

- Cita co teu mozo: para esta cita hai dúas formas esenciais de vestir:

\*Se a cita é informal: O mellor é levar uns pantalóns vaqueiros e unha camiseta cómoda con rasgos hippys. Unha chaqueta vaqueira ou mesmo de pana senta ben.

\*Se a cita é formal: Normalmente nestas citas sóese poñer un conxunto de saia e camiseta, sen embargo, os pantalóns de pinzas sentan moito mellor e de cor negra estilizan as pernas. Por suposto hai que levar tacón, os zapatos ou as sandalias son a mellor opción.

- Para unha merenda no campo: Normalmente estas merendas fanse en contacto directo coa natureza por iso o mellor é levar pantalóns e camisetas curtos e cómodos á vez, isto permítenos maior mobilidade e evítanos pasar calor.

#### Rapaces:

- Para acontecementos especiais (vodas, bautizos...): Neste tipo de acontecementos é de bo ver un traxe de pantalón e chaqueta, a poder ser de cor escura. As camisetas brancas ou cor salmón dan mellor presenza e as gravatas quedaron moi anticuadas.

Tamén se pode prescindir da chaqueta, o que dá un aire máis xuvenil.

- Cita coa túa moza:

\*Se é informal: a elección máis acertada para estas citas é a roupa cómoda. Cuns pantalóns vaqueiros e unha camiseta frouxa de manga curta irás moi ben. Evita as viseiras posto que non deixan ver o teu rostro.

\*Se a cita é formal: Pantalón de corte recto e camisa. Prescindindo dos traxes de chaqueta e pantalón. Está ben poñer zapatos, de cor beige ou negra, dependendo da tonalidade da roupa.

- Para unha merenda no campo: Para isto é recomendable levar roupa cómoda como chandals ou pantalóns curtos e camisetas de manga curta. Como xa sabedes, os tenis son a mellor elección.

Isto é todo, espéramos que vos teña interesado esta reportaxe. Se algún día non sabedes que poñer, recordade o que acabades de ver.

### MISS / MÍSTER 4º DE ESO

#### MISS / MÍSTER ELEGANCIA:

Micael Vázquez e Ibiánka Vázquez

#### MISS / MÍSTER SIMPATÍA:

Ana Revuelta e Jorge Álvarez

#### MISS / MÍSTER INTELIXENCIA:

Sara Fernández

#### MISS / MÍSTER TRABALLADOR/A:

Silvia Arias

#### MISS / MÍSTER BO CORAZÓN:

Miguel Estévez

#### MISS / MÍSTER OLLOS BONITOS:

Jairo Fernández

#### MISS / MÍSTER CABELOS PERFECTOS:

Lorena Malvesada


#### MISS / MÍSTER SORRISO BONITO:

Laura Cordero

#### MISS / MÍSTER CORPO DANONE:

Óscar Cecilia

# PASATEMPOS E HUMOR



Plácido Pablo Blanco Pérez

UN DÍA NO CINE...

007 MUERE OTRO DÍA  
BANG!  
PIERCE BROSMAN

¿NON ORES QUE DEBERÍAN FACER MÁIS DOBLAXES NAS PELIS Ó GALEGO?

SI, PERO XA SABES; O GALEGO ESTA DESPRESTIXIADO NO ANBITO CINEMATEGRAFICO E NOS MEDIOS DE COMUNICACION...

NON COMO NOUTRAS COMUMIDADES QUE HAN SESIONS NAS DOUS LINGÜAS OFICIAIS

ISTO TERÍAO QUE ARREGUIAR ALGUÉN...

DESDE AS ALTURAS DO MONTE MEDULLA, ENTRE AS NUBES DA INSPIRACION SUPERGALEGO WOMAN!

SE QUEREDES ESCOITA-O CINE NA VOSA LINGUA NON LOS PREOCUPES

CHISCO OS DEOR E XA TEDES A JAMES BOND FALANDO EN GALEGO...

♪ (MÚSICA DE FONDO) ♪



JAMES! NON TE ACHEGUES!! É PERIGOSO!!

ISTO XA É OUTRA COISA ...

Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma...



# UNHA NENA CUMPLINDO O SEUSONO



MONICA XOGOU MOI BEN E METEU GOLES O SEU EQUIPO DO COLEXIO, COMO XOGADORA



# ¿SABERÍAS DICIR QUEN SON?

Se es o primeiro en adiviñar quen son os profesores/as das fotografías, recibirás un agasallo. Anota nun folio o número de foto co nome correspondente e entrégao canto antes na conserxería. É difícil, pero non imposible. ¡¡¡ÁNIMO!!!

<p>1</p> 	<p>2.</p> 	<p>3</p> 
<p>4</p> 	<p>5</p> 	<p>6</p> 
<p>7</p> 	<p>8</p> 	<p>9</p> 
<p>10</p> 	<p>11</p> 	<p>12</p> 



13



14



15



16



17



18



19



20



21



22



23



24

## BUSCA NESTA SOPA DE LETRAS AS RESPOSTAS AS SEGUINTE CUESTIÓNS:

1. Nome da autora de Cantares Gallegos
2. Conxunto de cantigas medievais de carácter satírico: Cantigas de .....
3. Nome do autor de Queixumes dos pinos
4. Sinónimo de cemiterio
5. Poesía que denuncia as inxustizas sociais
6. Fenómeno lingüístico que consiste en pronunciar o fonema /g/ como /h/ aspirado faringal xordo
7. Nome do autor de A Gaita Gallega
8. Persoa que na idade medieval adicábase a compoñer cantigas por pracer



R	P	M	T	R	O	B	A	D	O	R	V	L	T	X
E	O	Z	Q	X	S	T	B	A	P	Ñ	N	H	G	O
F	E	S	I	R	O	B	E	R	N	I	X	K	T	A
Z	S	A	A	S	B	U	V	Q	H	O	M	L	I	N
O	I	T	X	L	E	T	M	A	P	N	A	C	E	M
U	A	I	H	G	I	I	D	V	Z	D	T	A	T	A
E	S	R	S	E	H	A	I	F	N	L	R	M	O	N
C	O	U	M	L	E	Z	D	O	M	I	H	P	U	U
F	C	X	R	H	Q	X	P	E	Z	C	N	O	X	E
L	I	Ñ	G	Ñ	R	O	I	X	C	L	I	S	A	L
I	A	A	V	E	D	B	B	E	R	A	Ñ	A	E	P
T	L	N	H	R	T	G	N	H	I	Q	S	N	V	I
A	P	O	A	T	L	A	E	T	C	X	A	T	N	N
U	T	U	Q	E	M	R	S	V	F	E	V	O	R	T
D	D	G	H	N	V	L	X	B	R	N	U	C	P	O
E	S	C	A	R	N	I	O	I	E	T	P	E	Ñ	S

## RELACIONA CADA AUTOR COA ÉPOCA, XERACIÓN OU MOVEMENTO QUE LLE CORRESPONDA:

- |                           |                                    |
|---------------------------|------------------------------------|
| 1. Martín Códax           | A. Preguerra                       |
| 2. Padre Sarmiento        | B. Etapa Medieval                  |
| 3. Pastor Díaz            | C. Precursores                     |
| 4. Francisco Añón         | D. Séculos Escuros                 |
| 5. Manuel Curros Enríquez | E. Primeiros textos (S.XIX)        |
| 6. Vicente Risco          | F. Rexurdimento Pleno              |
| 7. Amado Carballo         | G. Posguerra                       |
| 8. Eduardo Blanco Amor    | H. Actual                          |
| 9. Suso de Toro           | I. Xeración das Irmandades da Fala |
| 10. Castelao              | L. Xeración Nós                    |
| 11. Rosalía de Castro     | M. Xeración do 36                  |

# Xeroglífico

**A**



-ta

¿A que sabe?

## ADIVIÑAS

- ✿ É redonda, é de goma,  
de madeira ou metal,  
e sae dar unha volta  
cunha amiga igual.
- ✿ Por ter luz, así me chaman,  
e cando chego, a luz apagan.
- ✿ Teño pitorro, teño asa,  
e reconforto á xente  
cando o sol abrasa.
- ✿ Redondo, redondo,  
como vaso sen fondo,  
vaso non é, adiviña quén é.
- ✿ Vermello foi sempre o meu vivir,  
pero algúns de azul quérenme vestir.
- ✿ Para uns son moi curto;  
para outros, regular;  
para os tristes, moi longo;  
Para Deus unha eternidade.

S  
U  
N  
Ó  
I  
C  
I  
N  
I  
S

**SOPA DE LETRAS**

R	P	M	T	R	O	B	A	D	O	R	V	L	T	X
E	O	Z	Q	X	S	T	B	A	P	Ñ	N	H	G	O
F	E	S	I	R	O	B	E	R	N	I	X	K	T	A
Z	S	A	A	S	B	U	V	Q	H	O	M	L	I	N
O	I	T	X	L	E	T	M	A	P	N	A	C	E	M
U	A	I	H	G	I	I	D	V	Z	D	T	A	T	A
E	S	R	S	E	H	A	I	F	N	L	R	M	O	N
C	O	U	M	L	E	Z	D	O	M	I	H	P	U	U
F	C	X	R	H	Q	X	P	E	Z	C	N	O	X	E
L	I	Ñ	G	Ñ	R	O	I	X	C	L	I	S	A	L
I	A	A	V	E	D	B	B	E	R	A	Ñ	A	E	P
T	L	N	H	R	T	G	N	H	I	Q	S	N	V	I
A	P	O	A	T	L	A	E	T	C	X	A	T	N	N
U	T	U	Q	E	M	R	S	V	F	E	V	O	R	T
D	D	G	H	N	V	L	X	B	R	N	U	C	P	O
E	S	C	A	R	N	I	O	I	E	T	P	E	Ñ	S

**Relaciona cada autor coa época, xeración ou movemento:**

1 B    2 D    3 E    4 C    5 F    6 L    7 A    8 G    9 H    10 L    11 F

**Xeroglífico:**  
Amargo


**Adiviñas:**

1ª A roda  
 2ª O día  
 3ª O porrón  
 4ª A billa  
 5ª O sangue  
 6ª O tempo

O GALEGO  
É PARTE TUA



¿A NOSA LIN  
GUAGA...?



¡O GALEGO!